



Galicia



## **Programa Fundamental**

**10º CONGRESO UGT-GALICIA**  
**Santiago, 28, 29 e 30 de Maio de 2009**

I.	O SENTIDO DO PROGRAMA FUNDAMENTAL.....	5
II.	SÉCULO XXI E O FUTURO PACÍFICO DA HUMANIDADE.....	7
III.	UN SINDICATO PARA TODOS E TODAS: CONVIVENCIA E PLURALIDADE.....	10
IV.	VALOR ESENCIAL DO TRABALLO NA NOSA SOCIEDADE.....	14
1.	A RADICAL DIGNIDADE DO TRABALLO.....	14
2.	O TRABALLO E A VIDA FAMILIAR.....	15
3.	A REDUCIÓN DA XORNADA E O REPARTO DO EMPREGO.....	15
4.	O FUTURO DO TRABALLO E O CAMBIO NA EMPRESA.....	16
5.	A PRECARIIDADE LABORAL, INEFICIENCIA E DUALIDADE SOCIAL.....	17
6.	O DEREITO Á SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.....	19
7.	A INSERCIÓN LABORAL DA MOCIDADE.....	20
8.	TRABALLO E INTEGRACIÓN DAS PERSOAS INMIGRANTES.....	21
9.	TRABALLO E DISCAPACIDADE.....	22
10.	AS GARANTÍAS XURÍDICAS E OS CONVENIOS COLECTIVOS.....	23
11.	DEREITO DE PARTICIPACIÓN.....	24
V.	A GLOBALIZACIÓN E O DESENVOLVEMENTO MUNDIAL EQUILIBRADO.....	25
1.	UN MUNDO MELLOR PARA TODOS E TODAS.....	26
2.	UNHA GLOBALIZACIÓN DE CONTIDO SOCIAL.....	27
3.	UN NOVO PERFIL DO SINDICALISMO INTERNACIONAL.....	28
VI.	A NATUREZA E A ACCIÓN MEDIOAMBIENTAL.....	29
VII.	O CRECEMENTO ECONÓMICO E A DISTRIBUCIÓN DA RIQUEZA.....	32
1.	CRECEMENTO EQUILIBRADO E XERACIÓN DE EMPREGO.....	32
2.	POLÍTICA DE INFRAESTRUTURAS.....	34
3.	UNHA EQUITATIVA DISTRIBUCIÓN DA RIQUEZA.....	35
VIII.	O ESTADO DE BENESTAR E A CALIDADE DE VIDA.....	37
1.	A PROTECCIÓN INTEGRAL DA SAÚDE.....	38
2.	A INTENSIDADE PROTECTORA DAS PENSÍONS.....	39
3.	A EXTENSIÓN DA PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E A INCAPACIDADE LABORAL.....	39
4.	O DESENVOLVEMENTO DA PROTECCIÓN SOCIAL.....	40
5.	OS SERVIZOS PÚBLICOS E CALIDADE DE VIDA.....	42
6.	O DEREITO A UNHA VIVENDA DIGNA.....	42
7.	A EDUCACIÓN PARA TODOS E TODAS, A CLAVE DE FUTURO.....	43
8.	A DIVERSIDADE CULTURAL E A TOLERANCIA SOCIAL.....	44
9.	A XUSTIZA COMO GARANTE DOS DEREITOS DE CIDADANÍA.....	44
IX.	A CONSTRUCIÓN SOCIAL EUROPEA.....	45
X.	A ACCIÓN SINDICAL, COMPROMISO ÉTICO.....	47

## A UGT NO SÉCULO XXI

Tras unha prolongada identidade máis que centenaria, a Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia) inscribe a súa acción no século XXI. Tras esta dilatada traxectoria renovámonos e acumulamos experiencia na organización e defensa da clase traballadora, desenvolvendo un continuo esforzo de innovación na nosa práctica sindical para ser incisivos na corrección dos desequilibrios sociais de todo tipo.

En 1888, Pablo Iglesias xunto a un reducido grupo de representantes de sociedades obreiras tomaron a iniciativa de constituír UGT, un sindicato que inicialmente agrupou e estendeu os núcleos organizativos da clase traballadora cunha orientación revolucionaria dende a perspectiva da loita de clases. Esta posición transformadora resultou decisiva para o progreso do noso país, xa que supuxo un ariete insubstituíble para remover as vellas estruturas socioeconómicas que eran tan inxustas como arcaicas.

Durante un longo período histórico, os socialistas (tanto da UGT como do PSOE) tiveron que protagonizar encouñadas mobilizacións políticas e sindicais co propósito común da emancipación da clase traballadora, logrando con esa loita social abrir paso á liberdade, á democracia e ás primeiras grandes reformas sociais do século XX. A abnegación e amplitude de miras daquelas xestas sociais enlazan coa xenerosa tarefa multiplicadora despregada nos millares de Casas do Pobo, estendidas por toda a nosa xeografía, auténtico crisol dunha nova cultura político-sindical de progreso, aberta para todos e todas.

Grazas a todos estes esforzos, cando en 1932 se celebrou o 17º Congreso, UGT xa constituía o pilar máis importante para a construción dun modelo de benestar social nunha nova e esperanzadora democracia. O proceso de implantación sindical en todos os sectores e a súa continua modernización organizativa, tiña permitido a plena consolidación de UGT, a maior organización do noso país, un sindicato de clase no máis amplo sentido, que agrupaba aos traballadores e traballadoras manuais e intelectuais, aos obreiros xunto cos profesionais liberais, en definitiva, aos traballadores e traballadoras de todo tipo como proclamaba a propia Constitución da II República.

En 1976, o 30º Congreso Confederal iniciou unha nova andadura para a normalización democrática, trala sacrificada loita contra a ditadura franquista, defendendo a liberdade sindical ao servizo da clase traballadora, o que obrigaba a unha definición de identidade de cada unha das organizacións existentes. Naquela clarificación do espazo sindical, UGT, sindicato de clase e orientación socialista, encarnaba os máis avanzados valores sociais e europeístas, entronizando en España, en tanto que organización fundadora, á CES (Confederación Europea de Sindicatos) e a CIOSL (Confederación Internacional de Organizacións Sindicais Libres), disolta esta última en Outubro de 2006 para fundar,

en novembro dese mesmo ano, xunto coa CMT, e outras Confederacións Sindicais a nova Confederación Sindical Internacional (CSI). Nova Organización da que UGT tamén é fundadora.

En 1988, cando celebrámolo noso centenario como primeiro sindicato de España, fortalecémola nosa propia autonomía ante a acción política. Entón dimos un paso máis para facer posible o ambicioso obxectivo histórico da UGT: un sindicato para todos e todas, construído dende o respecto á pluralidade ideolóxica e social da clase traballadora.

Nos últimos anos do século XX seguimos profundando nunha política sindical innovadora e integradora, coherente co proxecto dun sindicato para todos e todas e unha realidade cada vez máis plural. Un obxectivo que, reiteramos, non é nada sinxelo, posto que require un esforzo de adaptación das nosas concepcións, actuacións e expresións achegándoas ás múltiples necesidades sociais e as lexítimas aspiracións persoais de cada un.

O acerto sindical no novo século estará en despregar unha acción reformadora, cunha envergadura e amplitude sen precedentes, que preservando a nosa histórica identidade de sindicato de clase e orientación socialista, e sen perder o máis activo compromiso de solidariedade, saiba afrontar os novos retos sociais cunha perspectiva integradora e equilibrada para a clase traballadora.

Os sindicalistas debemos entender con rigor a dinámica social de futuro e actuar eficazmente nesta nova realidade, globalizada e diversa, á vez que profundamente desigual. Para elo, UGT necesita unhas bases programáticas para este século tan renovadoras e cheas de esperanza, como as que representaron o impulso do sindicalismo revolucionario do século XIX e o sindicato de clase e orientación socialista no século XX.

Co Programa Fundamental pretendemos manter ese discurso vigoroso e comprometido, centrado no inesgotable potencial de progreso que encerra a cultura do traballo: o esforzo e a achega de cada un, a utilidade social para todos e todas e a plena solidariedade coas persoas máis desfavorecidas.

## I. O SENTIDO DO PROGRAMA FUNDAMENTAL

O recoñecemento da nosa propia identidade socialista e a transparencia da nosa conduta, animámonos a explicar un Programa Fundamental que transcenda ao posicionamento puntual do Sindicato e ás determinacións que se adoptan nos sucesivos Programas de Acción.

O Sindicato, na súa cotiá defensa dos valores sociais, articula infinidade de respostas a situacións diversas que permiten descubrir e xulgar a natureza real da UGT, incluíndo a súa propia identidade modelada unicamente pola vontade da súa afiliación e caracterizada pola práctica do seu comportamento.

O Programa Fundamental, sen seguir o xuízo social que mereza a conduta sindical diaria, expón o cadro de valores da nosa traxectoria sindical con plena transparencia para toda a sociedade. O Programa, como exercicio de soberanía sindical, constitúe a base do libre compromiso de cada unha das persoas afiliadas de UGT.

A plasmación desta identidade do Sindicato xunto coas aspiracións que perseguimos pretendemos servir, unicamente, de pautas permanentes de actuación de UGT, sen que supoña un programa a longo prazo, menos aínda a un programa máximo, irrenunciábel e redentorista.

A radicalidade de UGT estará sempre nos seus compromisos fronte ás inxustizas de todo signo e a indeclinábel perseveranza na loita por un mundo mellor. A vocación reformadora do Sindicato maniféstase na paciente actuación no tempo, buscando o máximo consenso para a gradualidade dos cambios sociais.

Esa dobre vertente do noso facer explica a traxectoria de UGT en moito máis dun século, adaptando os nosos proxectos colectivos á cambiante realidade política, económica e social. En xeral, creemos que o balance de toda a nosa actuación arroxa un saldo claramente positivo, posto que participamos activamente nunha dinámica de progreso, xa que a configuración actual en parte foi froito do noso propio protagonismo social.

A histórica condición de inferioridade económica, política e xurídica da clase traballadora xustificou, dende o nacemento de UGT, a necesidade dunha organización que ordene e potencie unha resposta democrática de vocación igualitaria, en base a un proxecto de progreso social, fronte a unha realidade social marcada por profundas desigualdades que non poden ser aceptadas.

A eficacia da acción colectiva da clase traballadora, grazas á dimensión organizativa do Sindicato, permitiu dignificar en termos económicos, sociais e culturais a función de traballo na nosa sociedade, aínda que estamos lonxe de lograr a perseguida equiparación social, se nos comparamos con outros países do noso entorno europeo.

Partindo dunha secular situación de atraso social en España, UGT defendeu ao longo de moito máis dun século de existencia, con igual afán e sempre con sentido do momento histórico, os valores de liberdade, a democracia, a modernización económica e a xustiza social que estaban practicamente ausentes da realidade española. A perseveranza uxetista neses valores socialistas supuxo unha esperanzadora cuña de progreso para sustentar o noso proxecto sindical, sen sitio para o desalento en conxunturas adversas.

Uns principios de progreso social que hoxe van ganando espazo na sociedade, ata o extremo de converterse en valores comúns dun amplísimo espectro da cidadanía, aínda que un século atrás non encontraran moitos máis anclaxes para a súa defensa social que os que proporciona o sindicalismo de clase de orientación socialista.

En España, os grandes cambios culturais e políticos acaecidos nas últimas décadas xunto ás considerables melloras sociais acadadas, foron froito do empeño democrático e pacífico da inmensa maioría da sociedade, coa propia e activa contribución de UGT. En todas as encrucilladas históricas defendemos posicións sociais avanzadas que hoxe se identifican, facilmente, cos valores constitucionais plasmados nos dereitos fundamentais da nosa Carta Magna.

UGT-Galicia é un sindicato galego e de clase, que forma parte da Confederación da Unión Xeral de Traballadores e traballadoras de España, que, á súa vez, está integrado na Confederación Europea de Sindicatos e na Confederación Sindical Internacional. É un sindicato fondamente enraizado na realidade do país, un sindicato de principios socialistas e democráticos, centrado na defensa das traballadoras e dos traballadores galegos.

Esta integración supranacional é verdadeiramente necesaria para defender os intereses das persoas traballadoras galegas, e ten proporcionado nos últimos anos avances significativos en materia de emprego, dereitos sociais e convenios colectivos.

UGT-Galicia é unha organización independente, dos gobernos, dos partidos políticos e do empresariado, rexida unicamente pola vontade da súa afiliación e cunha autonomía plasmada nos seus propios estatutos, estratexias e alternativas.

É preciso reafirmar día a día esta independencia e autonomía, para que todas as persoas afiliadas e traballadoras perciban con claridade que estas características forman parte esencial dun sindicalismo útil á clase traballadora, á sociedade e solidario coa cidadanía.

Diante da crecente presión á que as regras do mercado e a globalización da economía someten aos dereitos da clase traballadora, o sindicalismo que defende UGT-Galicia é cada día máis necesario. O sindicato debe explicar con claridade á toda a sociedade os valores que representa: solidariedade, honestidade, xustiza e dignidade..., nunha época marcada pola desintegración e o individualismo.

O sindicato ten ademais unha forte capacidade de interlocución, que debe desenvolver cada vez máis, con calquera administración, institución ou organización política presentes na sociedade galega, que utiliza sempre que os intereses da clase traballadora están en xogo.

Pero sobre todas as cousas, o sindicato está envorcado na defensa das traballadoras e dos traballadores galegos nos distintos sectores económicos e sociais de Galicia. Cabe simplemente recordar que UGT - Galicia mantivo sempre unha forte e pioneira acción reivindicativa na defensa dos sectores básicos e das necesidades máis achegadas da sociedade galega. Fortalecer esta liña de actuación resulta esencial, incluíndo nos congresos e órganos de control resolucións axeitadas con reivindicacións sectoriais e territoriais.

Polo tanto, na actualidade, a maior parte das aspiracións sociais que enlazan cos valores socialistas da nosa tradición sindical convertéronse en obxectivos sociais amplamente aceptados ou incluso en dereitos recoñecidos, aínda que nun e outro caso están lonxe de ser unha realidade práctica que protexa a todos e todas, especialmente aos máis desfavorecidos, aos que as desigualdades da nosa sociedade laceran inxustamente.

Pero en todo este proceso de transformacións sociais, UGT non só foi suxeito impulsor das mesmas, senón que ao mesmo tempo permitiu cambiar o propio sindicato en base a novas esixencias, sendo receptor vivo de novos valores, que progresivamente obrigan a reformular o papel dos uxeitistas en cada un dos Programas de Acción.

Agora ben, a actualización do noso proxecto que plasmamos nos Congresos só ten sentido se permite manter o significado do noso compromiso, o que en boa medida recolle este Programa Fundamental. Trátase de facer posible a ecuación dinámica “cambiar sen traizoar” e se o conseguíramos, este propósito sería, sen dúbida, o noso principal acervo social.

## II. SÉCULO XXI E O FUTURO PACÍFICO DA HUMANIDADE.

Os conceptos de universalidade e globalización son unha realidade dos nosos tempos. Agora ben, os efectos derivados desta existencia globalizadora vanse definindo pouco a pouco. Parece que en vez de acentuar as posibilidades dunha convivencia pacífica e enriquecedora, ímonos deslizando máis e máis pola senda dos conflitos destrutivos que dexeneran en violencia.

Hai unha tarefa “planetaria” á que a humanidade está convocada como facedora dun soñado resultado final de paz, xustiza e desarme e onde UGT, na súa modesta dimensión, encontra o seu propio ámbito de compromisos solidarios co progreso pacífico de todos e todas.

O noso Sindicato rexeita de forma explícita calquera tipo de violencia como método de acción política ou social e comprométese a traballar en favor da paz, **promovendo o**

desenvolvemento equilibrado e os dereitos democráticos en todo o mundo. Neste sentido, é fundamental tamén promover a educación para a paz, recuperando e fomentando os valores de liberdade e paz non só como grandes declaracións senón nos comportamentos cotiáns, sustentando o entendemento dos pobos e dunha orde mundial baseada na xustiza.

Temos ante nos un horizonte de oportunidades como nunca soñáramos para o desenvolvemento económico e social. A nova potencialidade produtiva, que se propaga nunha auténtica sociedade da información, ofrece inxentes posibilidades de crecementos respectuosos co medio ambiente. Os cambios tecnolóxicos, especialmente intensos na nova economía e as máis dinámicas formas de organización do traballo apoiadas na xestión do coñecemento, serán, con sentido de futuro, riqueza suficiente para a satisfacción de todas as necesidades humanas básicas.

Pero non podemos minimizar os desafíos con que tropeizamos, a pesares da revolución tecnolóxica, nun mundo tan desigual, con bolsas de pobreza –nalgunhas partes auténticas hambrunas- de escala xigantesca, con desbordadas tensións en extensas zonas xeográficas. Incluso dentro dos países industrializados, as ofensivas de desregulación social están rompendo a vella cohesión das nosas sociedades, con despedimentos masivos e precariedade laboral. Ademais, a degradación ambiental pasou a un primeiro plano, sinalando incluso o esgotamento de certos recursos naturais.

Por iso, á hora de afrontar os retos do século XXI, pesa o transfundo social adverso que marcan os intereses económicos e financeiros de signo máis egoísta, instalados nesa profunda desigualdade da que resultan beneficiarios. Para dar amparo a tales condutas non se pode aceptar que proclamen a liberdade económica, cando de feito se socavan os equilibrios sociais dos propios mercados e se desincentiva a vida produtiva a medio prazo coa multiplicación, día a día, de enormes operacións especulativas.

O novo paradigma que trata de abrirse paso, con visos de pensamento único, responde a unha base doutrinal de corte neoliberal na súa concepción máis extrema. Un esquema ideolóxico que directamente choca co progreso social relativamente equilibrado que gozan as sociedades europeas.

Preténdese dismantelar o modelo social europeo froito do compromiso político tras da Segunda Guerra Mundial que, apoiándose en amplos consensos sociais e sindicatos fortes, conseguiu unhas cotas de benestar sen perder os valores referenciais da igualdade e a solidariedade, verdadeiros catalizadores na actuación sobre as bolsas de marxinação.

O novo neoliberalismo, con vocación económica en orixe, tamén se expande noutros campos e termina plasmando as súas pautas culturais postmodernas, xa sexan a preeminencia do individualismo, o absentismo na participación cívica, a submisión ao poder do diñeiro, a diminución do público fronte ao privado e, sobre todo, a lexitimación de graves desigualdades sociais como unha merecida expresión do éxito para poucos e

responsabilidade no seu propio fracaso para a maioría, acompañándoa coas irritantes condenas ás capas máis desfavorecidas.

O modelo neoliberal imperante na sociedade tivo consecuencias devastadoras na economía galega, en primeiro lugar, levou ao sector público á mínima expresión, o número de empresas non privatizadas é case testemuñal, cos conseguintes efectos que dito proceso implica na cantidade e calidade do emprego. En segundo lugar, este modelo neoliberal de “deixar facer” supuxo que as decisións empresariais se tomen noutras latitudes, comportando en moitos casos a deslocalización empresarial e a perda de control do capital galego de grupos claves da economía.

Na construción dun futuro baseado na xustiza e a igualdade, será imprescindible restaurar o tecido social que o neoliberalismo está desgarrando e poñer en cuestión unha concepción unidimensional da modernidade, derivada da resposta mecánica de calquera crecemento económico.

Pero o primeiro e grande desafío da humanidade está en erradicar a pobreza, e a súa proba de lume será a eliminación da fame no mundo: un indubidable imperativo ético, pero tamén unha posibilidade práctica. Nacións Unidas sinala que a humanidade dispón de recursos suficientes para alimentar a unha poboación dobre da existente e que a erradicación da pobreza no mundo só custaría o esforzo sostido do 1% da riqueza das nacións desenvolvidas.

Ademais, as desigualdades económicas ás que nos enfrontamos, na súa agudización, están atravesadas por diferenzas étnicas e culturais en grandes áreas continentais, aparentando unha preocupante realidade transversal de confrontación entre civilizacións –a máis crítica, Occidente fronte ao Islam- que, de aceptala como real, faría moi difícil a convivencia pacífica no mundo.

Unha das manifestacións sociais deste perigo, do que temos cotiá noticia sindical, está na falta dunha axeitada resposta aos grandes fluxos migratorios de escala planetaria e as brechas que superan inmigrantes e autóctonos no mundo occidental. Feitos que nos invitan a unha dilixente actuación en aras de eliminar esta grande barreira da humanidade.

A afirmación da igualdade radical dos dereitos de todos os homes e mulleres ten que traducirse nunha clara supresión das fronteiras raciais, culturais, ideolóxicas e relixiosas. Sen a súa consecución non cabe falar dunha duradeira convivencia pacífica e plural.

UGT - Galicia vai continuar defendendo con toda contundencia o inalienable dereito á vida, fronte a todo tipo de terrorismo. A defensa da liberdade e os valores democráticos esixe que fagamos fronte, sen concesións, a quen utiliza o terror para impoñer as súas ideas.

Dende UGT – Galicia imos seguir denunciando, tamén, a quen con actitudes racistas, xenófobas e, en definitiva, totalitarias, alenta e protexe aos terroristas e impide a convivencia democrática e atenta contra o modelo social que defendemos

A utopía posible do novo século estará na constitución de sociedades democráticas, prósperas e multiétnicas, resultado dunha progresiva interpretación social, ao que tanto poden contribuír os sindicatos. Un ideal polo que merece a pena traballar, fronte a un sinistro horizonte teorizado –e que algúns se empeñan en facer realidade- como un choque entre civilizacións, entre submundos en crecente tensión.

A validación do novo modelo social terá múltiples ámbitos para verificar a súa virtualidade, pero o máis importante –aínda que a veces sexa o máis afastado da nosa realidade inmediata eurocéntrica- xurdirá de contrastar os seus resultados fronte á pobreza e o racismo. Este desafío ten tanto calado que incluso chegou aos foros económicos mundiais defensores do neoliberalismo –por exemplo, Davos- , abrindo o debate sobre a busca de valores e principios comúns, que dean unha faceta humana ao mercado mundial e aborden esa fractura universal.

O éxito dos proxectos reformadores no século XXI estará en saber encarar as novas situacións con xenerosidade e sen dogmatismos, favorecendo, antes que nada, a apertura de miras e a revisión crítica de certos valores que nos anclan sen sentido de futuro, ben porque son regresivos ou simplemente porque están desfasados. En particular, as sinais de identidade do noso proxecto sindical débense asentarse, con perspectiva solidaria, nos valores das democracias avanzadas e as economías máis eficientes, iso si, facendo propio o aserto dun dirixente político europeo: “si á economía de mercado, non á sociedade de mercado”.

Nesa economía social de mercado adquire unha importancia crucial que haxa máis e mellor sindicato, de tal modo que saiba expresar no seu ámbito e defender con realismo a igualdade, a xustiza, a cohesión social e a conservación do medio ambiente. Para o Sindicato, a defensa deses valores serve para establecer un compromiso claro ante os desafíos do novo século e cooperar xunto con tantas outras institucións e organizacións nun futuro solidario para a humanidade.

Pero a nosa tarefa máis específica, e socialmente insubstituíble, obríganos a centrar os nosos esforzos na articulación dun proxecto especificamente sindical de ampla base social, dirixido á defensa do dereito da cidadanía ao seu propio proxecto de vida, entre cuxas condicións de realización atópase o pleno emprego, a dignificación do traballo en todos os seus aspectos e o reparto equitativo das tarefas profesionais e familiares.

### **III. UN SINDICATO PARA TODOS E TODAS: CONVIVENCIA E PLURALIDADE.**

UGT é unha organización democrática de traballadores e traballadoras, construída dende a solidariedade, que busca a presenza activa de todo tipo de colectivos no seu seo e persigue a promoción harmónica dos intereses diversos do mundo do traballo.

Por elemental sentido democrático, as premisas de actuación do Sindicato baséanse tanto na amplitude da afiliación, como nunha suficiente representatividade laboral para dar lexitimidade á acción sindical e defender con eficacia o noso proxecto.

A dimensión organizativa tamén ofrece un singular valor para os uxeitistas. O feito asociativo, en si mesmo, non pode responder a unha concepción pasiva da afiliación como mera adhesión ao sindicato, senón que debe ofrecer un marco rigorosamente democrático para a participación individual da afiliación nas estruturas sindicais que el mesmo conforma. O Sindicato ten que xerar un auténtico espazo de convivencia persoal, que transcenda ao alcance instrumental da organización, na defensa da clase traballadora a través da acción sindical.

Un activo proceso de afiliación sindical, unha ampla representación de colectivos sociais e unha convivencia interna respectuosa coa identidade de cada unha das persoas afiliadas (étnica, ideolóxica, cultural lingüística, relixiosa ou sexual), son os tres piares para construír un sindicato plural, de e para todos e todas.

Neste marco a nosa acción non se reduce á defensa dos intereses inmediatos dos traballadores nas relacións laborais. Debemos fomentar ademais a participación cidadá e xuntar esforzos con diferentes axentes e movementos cidadáns en torno a causas comúns.

Os anteriores piares organizativos necesitan un punto de unión, baseado nunha esixente política de comunicación que, co compromiso de todos e todas e o despregamento das novas tecnoloxías, permita a plena transparencia interna e externa de UGT. Información interna, que faga posible a participación consciente da afiliación apoiándose en toda a pirámide informativa, dende o contacto persoal ás redes de intranet e internet. Comunicación externa, que puntualmente traslade á sociedade os nosos proxectos e posicionamentos, a través dos profesionais dos medios e tamén aberta a toda a cidadanía con todas as ferramentas posibles, entre outras, o portal de UGT, sometendo a conduta da Organización á continua valoración social.

Para o acerto sindical resulta imprescindible unha continua prospectiva sociolaboral da nova sociedade e unha aproximación positiva á pluralidade ideolóxica da clase traballadora. Isto é, un mellor entendemento do presente e futuro do mundo do traballo e, ao mesmo tempo, unha axeitada consideración e integración das diferentes concepcións da afiliación.

A nova realidade social, con pluralidade de formas e irrupción de grupos emerxentes, define un panorama diametralmente afastado dalgunhas simplificacións que pretenden reducir a categoría das persoas traballadoras a unha clase social homoxénea, receptora de respostas uniformes. Pola contra, produciuse unha diversificación, incluso disgregación de intereses, que dota dunha enorme complexidade o panorama laboral do noso entorno. Non obstante, mantéñense os elementos clásicos da confrontación entre capital e traballo, que dan lugar ao conflito social, matizado polas novas formas de organización produtiva.

Estamos diante dun fenómeno ambivalente na evolución sociolóxica. Por un lado, a diversidade no mundo do traballo expresa unha maior riqueza laboral nunha complexa realidade produtiva. Sen embargo, por outro lado, a disgregación social na estratificación do emprego reflexa desestruturación social, que só pode resolverse cun esforzo de cohesión para o que se necesita “máis e mellor” sindicato.

A clase traballadora actualmente –menos aínda no futuro- xa non responden a un rostro tipo, nin sequera de carácter dominante (como no pasado puido ser o perfil obreiro-masculino-industrial) con quen acomodar o groso da acción sindical. Moi o contrario, na actualidade, a pluralidade de perfís laborais é tan variada, que só recorrendo á unha estratexia axeitada se pode evitar a tentación dunha resposta baseada no corporativismo ou na atomización sindical.

Con sentido autocrítico, igualmente, hai que evitar unha forzada busca dun inmediato denominador común para abordar problemáticas distintas dos diferentes colectivos, aínda que algunhas veces tratemos de arroupar esta pretensión nun enganoso principio de solidariedade.

A estes efectos, o propósito dun sindicato para todos e todas dificulta, aínda que non impide, os perigos anteriores. Dende logo, a mellor garantía para un sindicalismo equilibrado e equilibrador estará sempre na amplitude e a pluralidade na afiliación, así como na viveza da participación democrática interna.

UGT debe multiplicar os seus esforzos para reunir no seu seo, nunha convivencia enriquecedora, a totalidade do arco social: mulleres e homes, persoas maiores, mozas, ocupadas e desempregadas. A Acción Sindical debe dar resposta na totalidade dos sectores a todo tipo de persoas traballadoras, manuais e intelectuais, asalariadas e autónomas, activas e xubiladas. A acción solidaria debe igualmente encher a fosa social que hoxe separa ás persoas inmigrantes das autóctonas.

Pero o Sindicato é moito máis que un instrumento para a acción. A dimensión asociativa multiplica o valor convivencial da Organización, posto que ten que respectar a pluralidade e servir de escola democrática no quefacer social, proporcionando educación cívica e laboral, xerando pautas culturais e establecendo regras de goberno interno aceptadas por todos e todas. Neste sentido, a formación sindical das persoas afiliadas e representantes do persoal debe constituír un empeño permanente do sindicato.

O Sindicato permite reafirmar a igualdade social que a vida laboral ordinaria pode, en parte, sacrificar en aras da xerarquía produtiva. A vida sindical xoga este sentido de contrapunto social na realidade da empresa, facilitando a cooperación e reequilibrando situación fronte a determinadas condutas xerenciais, a veces cargadas de tentacións autoritarias.

Por último, o proxecto dun sindicato para todos e todas non presume ningún afán de hexemonía sindical, tan só pretende salienta a apertura social e a pluralidade interna, que debe presidir a nosa Organización. Esa escola de convivencia facilita, igualmente, o

entendemento da pluralidade externa, a existencia doutros sindicatos no noso país que tamén expresan, acordos coas súas propias culturas, os intereses da clase traballadora.

A acción sindical, tanto para a riqueza das propostas como para a eficacia dos resultados, debe buscar a máxima cooperación entre sindicatos, articulando a participación da maioría da clase traballadora. Ao mesmo tempo, dende o respecto á diversidade do feito sindical, cabe avanzar sobre iniciativas comúns de moi diverso orde, nun camiño aberto de novos proxectos sindicais, fóra de toda predeterminación, que ben puideran ordenar mellorar os diferentes niveis de cooperación ou incluso establecer vías de progresiva integración organizativa.

UGT forma parte da sociedade e vertebra unha parte importante dela: o mundo do traballo. UGT constitúe unha forza social progresista que aspira a unha transformación profunda e democrática da realidade social, reivindicando solucións a problemas de carácter xeral e de gran calado que interesan á cidadanía, como tal, e á sociedade no seu conxunto.

A cohesión no seo da clase traballadora e a loita contra as desigualdades supoñen necesariamente o reforzamento da solidariedade ás persoas traballadoras en paro, así como con todas aquelas persoas que se ven marxinas e excluídas do sistema.

A nosa acción sindical debe tamén alcanzar aos “forzosos autónomos”, ás persoas traballadoras a domicilio e á súa variante do teletraballo, xubiladas e pensionistas, ás prexubiladas por distintos motivos, pequenos autónomos, colaboradores habituais de empresas que realizan unha labor de persoas asalariadas aínda que non figuren na nómina e mocidade cuxa carencia de traballo ou emprego precario impiden a súa integración na sociedade.

Defendemos a igualdade real entre homes e mulleres, propugnando unha distribución equitativa das tarefas, tanto laborais como fóra do traballo e loitamos por unha decidida política de democracia de xénero.

UGT considera, dende a súa autonomía sindical irrenunciábel, que o fortalecemento de opcións sociais e políticas propostas é imprescindible para avanzar na consecución do modelo social que propugnamos e por elo é necesaria a nosa contribución ao entendemento das forzas políticas e sociais coas que compartimos obxectivos e valores, contribuindo tamén á plena recuperación do sentido crítico e a capacidade de análise.

O sindicalismo que practicamos ten unha longa traxectoria e gran experiencia en combinar a negociación e a presión para conseguir as súas demandas. UGT desenvolveu unha importante capacidade de resposta que é necesario seguir fortalecendo e mellorando. E ambas características, a estratexia de presión e de negociación e a capacidade de propositiva, son esenciais para un Sindicato actual que pretende alterar substancialmente a correlación de forzas existente en favor das persoas traballadoras

## **IV. VALOR ESENCIAL DO TRABALLO NA NOSA SOCIEDADE.**

O dereito ao traballo e a dignificación do emprego son os obxectivos centrais de toda política sindical. As nosas sociedades aséntanse na cultura do traballo sen que no noso horizonte xeracional caiba albiscar alternativas a este inexorable armazón social.

De aí o valor esencial do traballo e a capital importancia de establecer garantías en canto ó recoñecemento do dereito e mecanismos de acceso para a súa consecución, pezas sen as cales se romperían os equilibrios básicos da nosa sociedade. En definitiva, a posibilidade de xerar emprego para todos e todas, a busca do pleno emprego, é unha condición necesaria para a cohesión no noso modelo social.

Sen embargo, algunhas ofensivas neoliberais pretenden degradar o traballo –co obxectivo de reducir o custo do factor- na escala de valores sociais. Para elo, de modo máis ou menos silencioso, abandónase o pleno emprego como obxectivo social compartido. Esa renuncia tradúcese na perda da centralidade do emprego por parte dos poderes públicos e nunha responsabilidade social máis laxa por parte das empresas nas súas políticas de redución de emprego.

Froito do progreso social, conseguimos incorporar a esixencia da avaliación do impacto ambiental nos proxectos por medo a causar danos graves á natureza. Cando menos, por elemental paralelismo, deberíamos esixir o máis rigoroso análise do impacto social ante as accións de despedimentos masivos que danan gravemente o emprego.

Non podemos esquecer tampouco que o emprego é a base do modelo social europeo: as garantías básicas, a protección social, a integración, parten da concepción dunha sociedade onde todas as persoas teñen dereito e acceso a un emprego. De feito, o propio concepto de cidadanía, na práctica, está fortemente vinculado ao traballo, xa que moitos dos dereitos sociais e cidadáns derivan da existencia dunha relación laboral. En moitos casos a perda dun emprego ou a imposibilidade de acceder ao mesmo traen consigo a perda doutros dereitos ademais dos laborais.

### **1. A RADICAL DIGNIDADE DO TRABALLO.**

A dignidade do traballo e a súa función integradora na sociedade esixen garantir a calidade do emprego, baseada na determinación duns mínimos sociais para cualificar o seu valor en aspectos tales como a variedade, a responsabilidade, a seguridade, a dedicación e a distribución do produto social.

Cada un dos valores anteriores exceden a simple caracterización dun dereito ó emprego, para establecer o cadro dos dereitos laborais que determinan a natureza social e xurídica do traballo, como a consecución dun dos máis importantes resultados históricos do sindicalismo. Sen dúbida, a evolución do traballo e a súa tipoloxía están indisolublemente unidas ó movemento sindical.

A criba histórica de dignificación obrigou aos sindicatos a revisar con esixencia os aspectos máis lacerantes do traballo: o puro esforzo físico, as tarefas estritamente repetitivas, a supeditación cega a unha actividade, a ausencia de toda responsabilidade,

a insalubridade e os riscos para a saúde, as xornadas excesivas, a eventualidade exacerbada e os salarios ínfimos, apenas de subsistencia.

Traballar non pode significar só asegurar a existencia, senón que a súa obrigada cualificación debe comportar realización da persoa e participación na vida social. En definitiva, o traballo non pode ser en ningún caso unha fonte de marxinação social, moi pola contra, debe ser a mellor forma de garantir a función integradora nunha sociedade baseada na cultura do traballo.

En Galicia, é máis difícil acadar un nivel mínimo de subsistencia e de calidade de vida, xa que as peculiaridades da nosa terra conformaron unha economía baseada historicamente no sector primario, no subsector agrario –con inherente grande esforzo físico e baixa renda - e no subsector da pesca – cun alto risco de mortalidade. Así mesmo Galicia careceu dunha burguesía emprendedora e comprometida polo País, que atrancou o desenvolvemento necesario. A falta de oportunidades que esta concentración sectorial produciu plasmouse na necesidade da emigración e na utilización da terra como un mero medio de subsistencia. O elevado peso do sector primario configurou un mercado laboral específico, no que abundan axudas familiares sen remuneración, principalmente protagonizado polas mulleres.

## **2. O TRABALLO E A VIDA FAMILIAR.**

Ben é verdade que o traballo é o motor de todo o benestar social e a calidade de vida. Pero na actualidade, non só o traballo remunerado contribúe á prosperidade. O labor de educación cara os fillos, as tarefas domésticas no fogar, as axudas asistenciais e o compromiso de voluntariado, son manifestacións xeneralizadas e continuas do traballo, todas elas dunha incalculable utilidade social, aínda que carentes de remuneración monetaria e, por elo, suxeitas, en boa medida, a unha desconsideración do seu valor económico.

No centro desta infravaloración social encóntranse as mulleres, como os suxeitos que practicamente soportan a totalidade do traballo non remunerado. Esa profunda disimetría social, base da división sexista de funcións na sociedade, a súa vez condiciona o propio reparto do traballo profesional remunerado entre homes e mulleres. A feminización da pobreza nas familias monoparentais e a irrupción de traballos remunerados “femininos”, de carácter precario, son tamén trazos desta preocupante desigualdade social.

Defendemos a igualdade real entre homes e mulleres, propugnando unha distribución equitativa das tarefas, tanto laborais como extralaborais; e loitaremos polo desenvolvemento profesional das mulleres, tanto salarial como de calquera outro tipo, apostando por unha política de democracia de xénero. Todas estas cuestións son retos inmediatos da acción sindical e base para unha transformación social sen precedentes na historia recente, pois significan unha obrigada alternativa ao sacrificio milenar da metade da humanidade.

## **3. A REDUCCIÓN DA XORNADA E O REPARTO DO EMPREGO.**

A política de redución da xornada laboral –non só a que nominalmente fixa a norma senón tamén a que realmente fan os traballadores e traballadoras- sigue tendo na nosa actual situación –que supera ao termo medio europeo- toda a súa vixencia e, ao mesmo tempo, ofrece a oportunidade de coadxuvar ao reparto do traballo nunha situación de desemprego masivo.

Por iso, a acción sindical debe dirixirse á consecución de esforzos adicionais na vía do aumento do emprego como consecuencia da redución da xornada laboral. Porque mentres a cantidade de traballo ven determinada polas condicións tecnolóxicas e económicas de produción en cada momento, o emprego, en cambio, é o resultado da maneira en que socialmente organízase o traballo.

Non se debe confundir o reparto do traballo e o reparto do emprego. Cando o reparto do traballo adopta a modalidade de reparto do emprego a través de reducións proporcionais da xornada de traballo e os salarios, o que se está proponendo é unha mera distribución da renda entre as persoas asalariadas, a “solidariedade intraclase”.

Seguiremos avanzando no proceso de redución de xornada a partir das 35 horas semanais no sentido de que dita redución sexa universal, para o que é necesario un soporte lexislativo.

O aumento da produtividade e a prosperidade económica crecente, non só debe significar unha mellora retributiva para a clase traballadora, senón tamén unha redución da duración individual do traballo e, por conseguinte, un aumento do tempo libre.

Unha redución da xornada diaria e un adicional día de descanso á semana –que se engadirá á case xeneralizada fórmula do bidescanso semanal- permitirá á clase traballadora abrir novas esferas de actividades libres e creativas, amén de atender mellor a súa vida e responsabilidade familiar. Por outra parte, os días libres da semana deberían responder tanto ao principio de descanso como a súa transformación en festivo, isto é, día de encontro nas contornas familiares e sociais. Un propósito ambicioso e complexo na concepción dos ciclos semanais, de tal modo que a xestión das quendas permita xeneralizar a simultaneidade dalgúns descansos.

#### **4. O FUTURO DO TRABALLO E O CAMBIO NA EMPRESA.**

As transformacións na caracterización do traballo que na nova sociedade (podemos dicilo con optimismo) reforzan o seu valor e centralidade, exceden ás decisións puntuais na vida interna das empresas. De feito, obedecen a cambios estruturais no conxunto da economía e igualmente responden ás novas esixencias sociais na provisión de bens e servizos.

Os novos métodos de organización do traballo, a flexibilidade nos esquemas produtivos, a versatilidade na prestación de servizos, o valor determinante dos sistemas de calidade e as novas ferramentas de xestión, revolucionaron as estruturas das empresas. No momento de irrupción das novas tecnoloxías, a vella dialéctica home/máquina

desapareceu para poñer o acento no capital humano, que parece recuperar un merecido protagonismo nos proxectos empresariais máis dinámicos.

As novas claves do éxito das empresas residen, por encima de calquera outro, na calidade e integración do seu equipo humano. Adaptabilidade, cooperación, cualificación e xestión do coñecemento constitúen, entre outros, os factores críticos das persoas traballadoras nas profesións de futuro.

Por outra parte, a tecnoloxía de comunicación e a crecente interconexión dos postos de traballo, resalta o valor engadido de cada contribución individual á vez que o integra nunha rede produtiva, que recorre todas as liñas de traballo ou incluso abre a posibilidade do teletraballo.

As empresas máis rendibles e, polo tanto, as que teñen maior proxección de futuro, gozan de crecementos exponenciais de produtividade e adelgazan os seus equipos humanos erradicando a concentración masiva de traballadores e traballadoras. A masa laboral foi caldo de cultivo para o nacemento do sindicalismo, pero a percepción das persoas traballadoras como un todo indiferenciado tamén podería provocar a ruína sindical, si se pretendera atender novas situacións con vellos esquemas.

A persoa traballadora, no novo tecido produtivo, deixa de ser unha mera peza dun colectivo para acrecentar a súa individualidade, reforzando o seu valor persoal como expresión esencial das novas posibilidades de humanizar o traballo, permitindo que un novo sindicalismo multiplique favorablemente a velocidade destes cambios sociais.

A renovación da vida produtiva ofrecerá novas oportunidades para organizar o traballo de forma máis variada, acentuará as fórmulas de cooperación e participación da clase traballadora e aumentará a responsabilidade persoal no proceso produtivo, periclitando os rancios esquemas xerárquicos.

O tecido empresarial galego estivo tradicionalmente caracterizado por un alto grao de minifundismo, isto é debido a unha falta de cultura emprendedora que impide dalo salto a empresas de dimensión superior, con maior acumulación de capital en I+D, etc. Ademais, a idiosincrasia propia do empresariado galego lévalle a ser máis individualista e, polo tanto, menos inclinado ao asociacionismo, cooperación interempresarial, etc.

## **5. A PRECARIIDADE LABORAL, INEFICIENCIA E DUALIDADE SOCIAL.**

Pero non sexamos inxenuos, posto que xunto a este núcleo dinámico dos novos modelos produtivos que obrigan a dispor dun proxecto empresarial participativo, danse cita, nunha periferia económica, unha multitude de empresas ineficientes que completan o modelo dual (núcleo/periferia) dentro de frecuentes estratexias de segregación de actividades que se apoian nos dous esquemas produtivos.

Neste modelo, a segmentación laboral é o resultado dunha organización das empresas que se basea nos grupos ben diferenciados das persoas traballadoras: un núcleo estable, protexido e con boas remuneracións, e unha periferia inestable, precaria e con baixos salarios. Na súa formulación máis extrema, leva a compaxinar retribucións

multimillonarias dos máximos executivos das multinacionais coa existencia (nas súas empresas auxiliares, xeograficamente dispersas) dunha nova categoría social: as persoas traballadoras precarias.

As empresas periféricas reaccionan con pasividade fronte á perda da súa vantaxe competitiva, degradando as condicións laborais como unha vía cómoda e regresiva de compensación ante a falta de produtividade e a baixa calidade dos seus produtos e servizos.

Estas empresas son as empregadoras do traballo precario –definido pola inestabilidade contractual, os baixos salarios e os riscos laborais- nos países desenvolvidos. As condicións laborais aínda son máis adversas na actividade infraempresarial que aínda na dualidade económica –xunto a un núcleo pequeno de empresas eficientes- das áreas continentais en vías de desenvolvemento.

Así mesmo, a utilización da lexislación laboral como instrumento privilexiado para levar a cabo políticas de axuste, fraco favor supón sobre a calidade do traballo, tendendo a súa precarización e, en consecuencia, á siniestralidade.

Por outro lado, ditas políticas laborais de degradación contractual afectan de maneira moi notable á mocidade que ve como o recurso dos contratos inestables termina por inducir novas pautas culturais. Os problemas da mocidade vense agravados pola situación de incerteza no futuro inmediato, xerada pola dificultade de establecer proxectos de vida estables e con proxección, o compromiso puntual e a degradación do valor da formación.

A loita contra a precariedade no emprego, ademais de perseguir un evidente obxectivo de dignificación do traballo, constitúe un ariete decisivo contra a ineficacia produtiva, os accidentes laborais e a pereza innovadora das empresas. Por iso, a precariedade no emprego é o maior problema ao que se enfrenta acción sindical presente

A precariedade é a condición necesaria da dualidade económica e o seu resultado máis visible é a dualidade social. Un fenómeno de inestabilidade contractual e desemprego que as políticas de coberturas sociais, “a posteriori”, sempre resultan insuficientes á hora de reparar tamaña degradación.

Os riscos do paro e a precariedade afectan a todas as persoas traballadoras e ao conxunto da sociedade e son un problema de todos e todas, afectando en primeiro lugar ás persoas traballadoras que se atopan nesa situación e tamén ao resto de traballadores e traballadoras posto que provocan ademais un deterioro das condicións de traballo e a redución dos dereitos laborais.

Estas situacións favorecen a individualización das relacións laborais, creando enormes dificultades para a sindicalización, o que supón un maior debilitamento para a clase traballadora na correlación de forzas, e xa que logo a ruptura da solidariedade e do colectivo.

As consecuencias persoais derivadas da situación de paro e rotación laboral transfórmanse en precariedade económica, illamento social, inseguridade persoal e fragilización das familias e perdas de dereitos de todo tipo.

A situación da mocidade traballadora, das mulleres que seguen a padecer unha forte discriminación, das persoas inmigrantes traballadoras, das persoas maiores de 45 anos que despois de toda unha vida de traballo carecen de expectativas de emprego con gravísimas consecuencias, están configurando unha sociedade fragmentada que representa o contrario ao modelo social que defendemos.

Outra manifestación desa dualidade socioeconómica é a economía somerxida, como práctica empresarial de redución de custos por incumprimento de todas as obrigacións fiscais e sociais. Unha situación que xera competencia desleal e forza a degradación da economía formal e coa que non cabe permisividade social.

O secular atraso económico e social vivido no noso país permitiu a instauración dun tecido industrial escasamente competitivo, que trala integración na Unión Europea (UE) supuxo a renovación profunda do sistema produtivo, utilizándose a vía dos baixos custos sociais para alcanzar cotas de competitividade aceptables.

Estas condicións de precariedade no noso mercado de traballo non son un fenómeno pasaxeiro, teñen unha sólida base estrutural apoiada en políticas laborais de degradación contractual. Pola súa envergadura, a precariedade no emprego é o maior problema ao que se enfronta a acción sindical presente e futura.

## **6. O DEREITO Á SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO**

A relación laboral e as relacións colectivas de traballo requiren da garantía da saúde laboral de quen realiza o traballo, pois só mediante a mellora das condicións de traballo refórzase a eficiencia do traballo e a súa propia dignidade.

A calidade de vida das persoas traballadoras fundamentase, en gran parte, na garantía que o Estado e a empresa preste á saúde laboral das persoas traballadoras, co pleno respecto ás normas de prevención de riscos laborais. No entanto, o tratamento da mellora das actuais condicións de seguridade e saúde no traballo é un reto ao que se debe enfrontar a acción sindical.

UGT mantén e defende unha estratexia sindical encamiñada á mellora colectiva das actuais condicións de seguridade e saúde no traballo, considerando esta estratexia un obxectivo sindical prioritario en canto que incide nos dos dereitos básicos das traballadoras e traballadores: a súa vida e a súa saúde.

O noso traballo sindical no ámbito preventivo susténtase nunha eficaz labor capaz de elevar de maneira colectiva os niveis de protección en materia de Seguridade e Saúde laborais e de forma indirecta que asegure o mellor estado do benestar persoal e social posible.

A presión social e a negociación colectiva vannos permitir frear o deterioro progresivo que sofren os traballadores no terreo da saúde laboral. Aumentar os dereitos conseguidos e mellorar a situación que temos nos centros de traballo debe ser o norte da nosa actuación sindical.

A correlación entre a exarcebación da temporalidade (como precariedade contractual) e a sinistralidade laboral é tan alta que leva a España a estar á cabeza europea das taxas que miden ambas realidades. Por iso, na prevención de riscos laborais a acción sindical debe actuar atacando o problema dende a súa raíz, que se atopa na degradación das condicións laborais.

Neste sentido, cabe aumentar as actuacións de control do cumprimento da normativa de seguridade e saúde no traballo en todos os sectores a todos os traballadores e traballadoras, sen distinción do seu tipo de relación laboral, tamaño ou sector da súa empresa.

Por outra parte, os factores psicosociais e a súa incidencia na aparición e desenvolvemento de alteracións psicolóxicas e somáticas teñen gran influencia na saúde e benestar das persoas traballadoras. Na repercusión das enfermidades derivadas dos riscos psicosociais e da organización do traballo faise necesario, incluír estas como Enfermidades profesionais, o que evitaría moitos trastornos aos traballadores e traballadoras. A organización do traballo e as relacións laborais que leva ten que se contemplada polo Sindicato tamén dende este enfoque.

## **7. A INSERCIÓN LABORAL DA MOCIDADE**

A difícil inserción laboral da mocidade deriva tanto dos cambios sociolóxicos na realidade xuvenil como da degradación das condicións de acceso no mundo do traballo, sobre as que os sindicatos temos que incidir.

Por unha parte, o concepto de xuventude está suxeito a transformacións de calado por razóns demográficas e culturais, que redefinen e alongan o período de transición que leva á mocidade a construír o seu propio ámbito persoal, con plena adquisición de dereitos e responsabilidades.

Por outra parte, os parámetros de acceso para a incorporación da mocidade os seus primeiros empregos constitúen unha inesgotable fonte de precariedade laboral que, lonxe de corrixirse, os gobernos teñen a tentación de convalidar coa aplicación dunha lexislación laboral especial de carácter xuvenil.

Os “ritos de paso” xuvenís cara a inserción laboral, adquiren unha máis que problemática transcendencia, cando a finalización do ciclo formativo non engarza cunha axeitada incorporación ao mercado de traballo. Así, ás xerais incertezas dun mundo en permanente cambio, engádense desemprego xuvenil masivo sen prestación de cobertura, precariedade nos seus posibles empregos e, en todo caso, inestabilidade laboral.

A transición cara o mundo do traballo dificultase con dilacións e barreiras que a mocidade trata de franquear alongando o período formativo ou buscando actividades laborais puntuais. En definitiva, creando un estado de situación que conduce a unha xeración de "*adultescents*", é dicir, a unhas condicións de extrema precariedade que impide aos mozos e mozas conseguir a autonomía –económica, social e persoal- que define a súa entrada na etapa adulta.

A axeitada inserción laboral da mocidade está na calidade e estabilidade dos primeiros empregos, o que non resta posibilidades a unha certa especificade nunha parte deses postos de traballo, sempre que enriquezan o seu valor. Neste senso, cabe subliñar as funcións formativas –singularmente ante o fracaso escolar- e de prácticas, así como facilitar a compatibilidade entre estudo e traballo.

Así mesmo, UGT apoia e colabora con movementos asociativos da mocidade, enriquecendo os canles de información e comunicación cos mozos e cas mozas, favorecendo os desenvolvementos organizativos dos que queiran dotarse

Por todo elo debemos ofrecer aos mozos e as mozas un espazo de participación propio e máis axeitado ás súas canles de participación e expresión, un espazo democrático formado por mozos e mozas traballadores que dirixan as súas propias políticas e conecten o sindicato coas novas demandas da xuventude

## **8. TRABALLO E INTEGRACIÓN DAS PERSOAS INMIGRANTES**

A inmigración é un dos grandes desafíos do noso tempo para a igualdade e a integración sociolaboral. O fenómeno migratorio non é temporal, constitúe un fluxo continuo de millóns de persoas que, nun mundo tan desigual, tratan de buscar oportunidades de emprego fóra do seu propio entorno. Deles, decenas de miles seguirán chegando cada ano a España coa intención de traballar no noso país.

A envergadura do proceso ten tal magnitude que provoca significativos cambios na sociedade –cada vez máis multiétnica- e nas empresas, polas dispares procedencias dos seus colectivos. Unha situación que ofrece o gravísimo perigo dunha nova estratificación social e laboral, discriminando ás persoas pola súa orixe ou identidade étnica e que terminaría arruinando unha convivencia civilizada.

Cabe destacar a influencia dunha normativa de estranxeiría que promove a precariedade laboral, anula a aplicación do principio de igualdade de trato nas relacións laborais e condena ás persoas traballadoras inmigrantes a longos períodos de clandestinidade e traballo irregular, impedindo a súa integración social e laboral.

Precisamente o ámbito laboral é un espazo privilexiado para atallar esa ameaza e dar eficacia á política migratoria, para impulsar un proxecto de cohesión social que, basicamente, debería sustentarse nunha equitativa política laboral. Quen inmigra a España sinxelamente quere traballar e a sorte da súa integración depende do traballo, onde a acción sindical resulta tan relevante.

As persoas traballadoras inmigrantes non comunitarias son as máis vulnerables a situacións de explotación e tratos vexatorios, con acusados problemas en tarefas como o servizo doméstico, o sector agrario, a hostalería, a pesca, a construción e o sector agroalimentario, é dicir, naquelas actividades con máis permeabilidade de acceso e menos requirimentos profesionais. Tamén as persoas traballadoras da Unión Europea que nos seus Países de orixe teñen unhas condicións laborais inferiores.

Ante tales condutas sociais reprobables, a política migratoria non pode limitarse a proclamar un elemental principio de igualdade de trato, senón que ten que trabar accións consensuadas entre os interlocutores sociais que garanten a digna integración dos inmigrantes, sen discriminación algunha, en calquera esfera da súa vida cotiá.

En tal sentido, resulta clave a posta en marcha de políticas específicas de inserción laboral, formación profesional e permanencia no mercado de traballo. Para o inmigrante, un emprego con plenos dereitos é un motor de igualdade e unha panca de integración. Dende a UGT vimos traballando activamente coa finalidade de paliar a grave situación deste amplo colectivo, pero faise necesario redobrar esforzos e abordar o problema dende todos os ámbitos da nosa Organización, para que as persoas inmigrantes se incorporen ao mercado laboral con plenos dereitos.

Para a persoa inmigrante, un emprego con plenos dereitos é un motor de igualdade e unha panca de integración. Para os Sindicatos, a integración laboral deste inmenso colectivo e a incorporación e participación do mesmo nas estruturas da Organización, é un dos nosos grandes retos actuais que debemos abordar xa con decisión e firmeza

En Galicia, o reto de integración laboral das persoas inmigrantes débese complementar con medidas específicas para a integración dun colectivo que na nosa comunidade tivo tradicionalmente un grande peso, o das persoas emigrantes retornadas. A este histórico fenómeno, únese a necesidade de introducir medidas de contención da emigración de capital humano altamente cualificado que se está producindo na actualidade, reflexo inequívoco do desaxuste existente entre o mercado de traballo e o sistema educativo.

## **9. TRABAJO E DISCAPACIDADE**

UGT entende o traballo como un dereito universal e por iso reafirma que as persoas con discapacidades deben acceder a el no marco laboral de empresas ordinarias.

Neste sentido, reiteramos o noso compromiso coa finalidade primordial das políticas de emprego para traballadores con discapacidade, como é a integración dos mesmos no sistema de traballo ordinario e nos centros especiais de emprego considerando esta última opción no caso de que o traballador precise pasar por un período de adaptación.

Os centros especiais de emprego deberán tamén ser a vía pola que se asegure un emprego remunerado a aqueles traballadores con discapacidade que non poidan ser obxecto de tránsito á empresa ordinaria polas súas especiais características.

As novas tecnoloxías permiten plantexar novas modalidades na organización do traballo dentro das empresas e a súa vez facilitan a integración das persoas con discapacidade

de que se trate, están en actuación de desenvolver un traballo produtivo con idénticos resultados que calquera outra persoa

## 10. AS GARANTÍAS XURÍDICAS E OS CONVENIOS COLECTIVOS.

A natureza xurídica do traballo é un mero contrato civil de prestación de servizos. A estratexia sindical de configuración legal dun marco laboral e unha axeitada protección xurídica da clase traballadora plasmouse nunha lexislación propia e, sobre todo, nos convenios colectivos.

As garantías normativas do traballo, nadas da negociación colectiva, teñen que afrontar un dobre reto: a flexibilidade laboral na empresa e os intereses individuais e colectivos das persoas traballadoras. Uns retos permanentes na vida das empresas, pero que se usan como coartadas para desprezar unha ofensiva desreguladora e regresiva que trata de individualizar as relacións laborais e desprezar toda a autonomía unilateralmente ao empresariado.

Dende logo, unha acción sindical intelixente ten que destacar as ferramentas de xestión que ofrece un convenio colectivo para organizar con eficacia a vida produtiva e poder optimizar a asignación de recursos.

Para elo, a negociación colectiva require coñecer máis e mellor a realidade sectorial e da empresa e a lóxica das esixencias técnico - económicas, evitando confrontacións apriorísticas “protección *versus* desregulación”, con descoñecemento das necesidades reais do proceso produtivo. En todo caso, contemplando toda a situación laboral, económica e social no ámbito xeográfico e temporal no que se negocie.

A negociación colectiva debe contemplar a viabilidade económica das propostas baralladas, afondar nos contidos vinculados á actividade produtiva e facer máis exhaustivos os ámbitos dos respectivos convenios, contemplando toda a realidade laboral.

Na definición dos ámbitos da negociación colectiva os sindicatos atopan serias dificultades, con consecuencias graves para a homoxeneización dos marcos laborais da clase traballadora de distinta circunstancia ou procedencia. A disgregación dos ámbitos dos convenios agudízase coa exteriorización de boa parte da actividade produtiva das empresas, finalización societaria e a crecente entronización do prestamismo laboral a través das empresas de traballo temporal e de servizos, tres fenómenos que requiren eficaces mecanismos para o seu control.

A realidade das pequenas empresas necesita, ineludiblemente, unha axeitada articulación da negociación colectiva dende o ámbito sectorial, con suficientes contidos de regulación para a aplicación directa dos convenios superiores ás pequenas unidades empresariais, onde a penas existe representación e menos aínda negociación.

Ademais, debemos realizar un maior esforzo sindical para impulsar a xeneralización das persoas delegadas de persoal, como figuras vivas nas empresas –incluso redefinindo o

ámbito de representación- con moita máis atención que o conxunto electoral a efectos de representatividade.

No que respecta ás empregadas e empregados públicos, o noso Sindicato considera prioritaria a completa modificación do marco normativo que regula o dereito á Negociación Colectiva e demais dereitos sindicais nas Administracións Públicas. Unha modificación que deberá levarse a cabo baixo a premisa de reforzar o dereito á Negociación Colectiva das empregadas e empregados públicos, establecendo marcos de negociación diferenciados para os distintos niveis territoriais e sectoriais.

É necesario definir un marco legal que entre outras cuestións:

- Outorgue plena validez, eficacia xurídica vinculante e aplicabilidade directa aos Pactos e Acordos.

A UGT ten que seguir reclamando as necesarias facultades de actuación na negociación colectiva e, entre as máis importantes, o respecto ao dereito de folga.

Por último, nos obxectivos dos convenios e na ampliación da súa malla regulatoria, teñen que estar presentes os intereses específicos –e non só os xerais- da clase traballadora. Fronte á idea de uniformación, hai que encamiñar os regulamentos colectivos cara a consecución de dereitos individuais que as persoas traballadoras sintan como propios, na súa particular inserción na empresa.

## **11. DEREITO DE PARTICIPACIÓN.**

A complexidade sociolóxica que caracteriza o mundo do traballo nos países economicamente avanzados tivo consecuencias nas relacións de propiedade e na capacidade para a toma de decisións económicas. Reforzáronse os mecanismos que ligan a toma de decisións á propiedade dos activos económicos e ao mesmo tempo a globalización crecente afasta os centros de decisión da realidade social, superando a capacidade política e dificultando na práctica o control democrático de tales decisións

Neste contexto, a Empresa non pode ser un punto duro da cadea social nunha sociedade democrática.

As empresas teñen que asumir unha importante responsabilidade social e deben abrir paso aos dereitos de participación das súas persoas traballadoras, como é propio en todo proxecto colectivo respecto aos seus partícipes.

Ademais, as novas estratexias de xestión nas empresas máis dinámicas coadxuvan a unha maior participación das persoas traballadoras no desenvolvemento de iniciativas, o traballo en equipo e os procesos de colexiación das decisións. En todo caso, a participación é un requisito para unha axeitada estratexia de maior flexibilidade e adaptabilidade laboral das empresas.

Tales ámbitos, individuais de participación complétanse co dereito de representación, xunto ao fortalecemento doutros dereitos de xestión individualizada, como a facultade

de reclamación a todos os niveis ou a posibilidade de denegación ante tarefas perigosas.

Na progresión democrática das empresas son insubstituíbles os dereitos colectivos de información, consulta e coxestión. A participación colectiva require unha directa vertebración sindical para compartir os retos de xestión empresarial, especialmente os vinculados ao desenvolvemento estratéxico, a planificación, os cambios produtivos e as transformacións societarias.

## **V. A GLOBALIZACIÓN E O DESENVOLVEMENTO MUNDIAL EQUILIBRADO.**

A mundialización da economía é un feito e a globalización que arrastra é un proceso inexorable. A confrontación entre a acendida defensa dos neoliberais e o rexeitamento socioecolóxico dos grupos alternativos é a expresión máis clara da ambivalencia dos resultados da globalización.

Cada un destes dous frontes dotouse dos seus propios foros internacionais de referencia no comezo de século, Davos *versus* Porto Alegre (2001).

Uns exploran as inmensas oportunidades, sobre todo financeiras, dos mercados económicos mundiais coa extensión dos negocios e a interpenetración das empresas e as finanzas. Outros denuncia a desigualdade social crecente a escala planetaria e a oclusión da esperanza, coa concentración tecnolóxica e a degradación medioambiental.

A globalización económica e financeira está facilitando ás grandes empresas multinacionais a súa mobilidade por todo o planeta, sen a penas restricións, en busca de lexislacións laborais e medio ambientais máis favorables aos seus intereses, con efectos perversos sobre a calidade do emprego e a regulación do mercado de traballo.

A mundialización é desequilibradora. Cunha globalización financeira e económica que facilita os fluxos especulativos e os refuxios en paraísos fiscais, mentres que se establecen restricións da exportación para os bens agrícolas dos países máis pobres e, máis aínda, ao movemento das persoas que buscan un traballo.

Como colofón a esta disxuntiva, os informes do Banco Mundial resaltan a contradición máis flagrante: "O noso mundo caracterízase por unha grande pobreza en medio da abundancia".

Todo elo sitúanos ante unha evidencia: Os problemas do mundo son universais, as solucións tamén. A cidadanía, non só as institucións internacionais, palpan progresivamente a irrupción desa nova dimensión para atender e responder a súa propia inserción social. Todo está mundializado, dende o equilibrio da natureza ata os mercados financeiros, pasando pola globalización do terror.

UGT participa desa conciencia de globalidade e compromete o seu propio esforzo na mobilización para equilibrar este ineludible proceso no mundo.

Fronte á agudizada desigualdade mundial, a alternativa será a internacionalización da riqueza e o benestar, difundindo os avances tecnolóxicos e produtivos. Fronte a un proceso gobernado por un reducido grupo de empresas cabe formular a mundialización da política, cuxa esencia non pode ser outra alternativa que a regulación democrática.

A globalización do benestar, a globalización democrática, deben afrontarse con solucións igualmente globais, entre outras, a busca polos sindicatos dun modelo laboral e social para a clase traballadora de todo o mundo. Pero as respostas non poden esperar á existencia do ámbito universal, senón que teñen que articularse dende a realidade máis inmediata (particularmente na acción sindical), asegurando a consistencia das nosas actuacións co propósito global comprometido.

UGT - Galicia promoverá en todos os ámbitos onde ten capacidade de actuación, un crecemento sostible, baseado nun novo modelo de desenvolvemento duradeiro, que garanta a prosperidade material desde o respecto ao medio natural e con garantías de cohesión social e solidaria. Igualmente desde o noso Sindicato é necesario propiciar unha nova cultura na organización da produción, o traballo, o consumo e as novas formas de vida.

UGT-Galicia considera, que a pesar dos inconvenientes que pode ter a globalización, Galicia debe aproveitala como unha oportunidade histórica para superar o seu histórico atraso. Das novas tecnoloxías debemos aproveitar as vantaxes que nos ofrecen para desenvolver as potencialidades propias da nosa economía e a nosa sociedade.

Na esfera internacional algo está cambiando, aínda que de momento sexan máis os discursos que as prácticas, como se no século XXI espertara a "cuestión social" a nivel mundial, do mesmo xeito que esa conciencia se abriu paso no século XIX a nivel nacional. A aceleración do compromiso esixe unha participación máis democrática e directa, así como a consolidación dun incipiente movemento participativo con presenza sindical.

As reformas institucionais dos grandes organismos internacionais, por exasperantemente lentas que nos parezan ante a magnitude dos problemas, resultan insubstituíbles para dimensionar e programar accións e sobre todo vincular aos Estados. UGT no seu ámbito e, especialmente, a Confederación Sindical Internacional (CSI), teñen que seguir con perseveranza cada un destes grandes proxectos establecendo compromisos, difundindo os seus contidos e xerando expectación para o seu cumprimento.

## **1. UN MUNDO MELLOR PARA TODOS E TODAS.**

Baixo ese irreprochable epígrafe, articúlase unha modesta iniciativa das Nacións Unidas si ben afecta ó máis importante, a pobreza, abordando o nó gordiano da súa erradicación no mundo.

A desigualdade entre países avanzados e atrasados é cada vez maior, pero tamén dentro dos países industrializados os desequilibrios sociais e a marxización aumentan, estendendo o fenómeno da pobreza a amplas zonas do planeta.

Esta é unha situación pouco ética e inaceptable, e que supón un perigo máis que evidente para as relacións internacionais pacíficas e tirar cos recursos facendo insostible a situación no longo prazo. Por elo, UGT reafirma o seu firme compromiso na loita pola erradicación da pobreza. Comprometéndose cos obxectivos do milenio, como unha etapa cara aos logros de plena igualdade e democracia mundial. Este propósito resulta tan incuestionable que incluso organismos como o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional (FMI) e a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), que amosaron a súa escasa sensibilidade e as súas reticencias a abordar este problema crucial e global, fixaron o ano 2015 como prazo para reducir á metade a extrema pobreza que actualmente padecemos, complementando este proxecto cunha aposta decidida polo investimento e a educación, de tal xeito que puidera garantirse a educación primaria universal nesa data. Para elo, será necesario gobernar o cambio económico, facéndoo máis participado e integrando unha dimensión social adecuada nos seus programas e medidas, xa que a inxustiza, a pobreza e desigualdade tamén prexudican a propia competitividade e crecemento económico.

## **2. UNHA GLOBALIZACIÓN DE CONTIDO SOCIAL.**

O reto da globalización pasou a un primeiro plano nun mundo onde non cabe a volta á “aldea”, ao microcosmos de cada cal, condenando á maior parte da humanidade a súa propia sorte.

O movemento sindical internacional foi dos primeiros en denunciar a gravidade dos efectos da actual mundialización da economía e ao mesmo tempo esixir unha reorientación do proceso de globalización.

A Confederación Sindical Internacional (CSI) articulou un proxecto que facemos igualmente noso para fixar as grandes reformas que se requiren para democratizar a globalización e dotala dun contido social. Entre outras medidas, cabe sinalar:

### **Reformas institucionais**

- O fortalecemento de Nacións Unidas para a dirección do proceso.
- O cambio de orientación do Banco Mundial e FMI que coas súas políticas de austeridade e axustes estruturais a veces provocan máis danos que beneficios.
- O papel da OMC (Organización Mundial do Comercio) nas condicións de intercambio, procesos e métodos de produción.

### **Reformas financeiras e un mellor control do movemento de capitais**

- Un tratamento realista da Débeda que hoxe asfixia á maioría das nacións, alongando os seus prazos nos países en desenvolvemento e condonándoa aos máis pobres.
- O establecemento dunha taxa internacional sobre as transaccións en divisas, que free os fluxos financeiros especulativos e financie programas de desenvolvemento no mundo.
- A coordinación das políticas fiscais e monetarias entre os bloques económicos máis poderosos, para dar estabilidade á economía e ás divisas.
- Eliminación dos paraísos fiscais.

### **Reformas laborais que establezan condicións de traballo decentes, empregos de calidade e melloren os dereitos das persoas traballadoras.**

- Someter a regulación do traballo ás normas internacionais emanadas da OIT, en particular os Convenios que perseguen o traballo forzoso (105), o traballo infantil (138), a discriminación étnica ou ideolóxica (111), así como os que buscan a plena igualdade home/muller e a liberdade sindical.
- A acción sindical na “empresa global”, equilibrando o despregue territorial do tecido empresarial e establecendo un código social de conduta das empresas multinacionais.

Un paquete de reformas que cobra o seu sentido si se completan a nivel nacional cun cambio de orientación nas política estatais –co apoio sindical-, xa que estas seguen sendo o motor fundamental de calquera compromiso reequilibrador.

Non hai que esquecer a competencia directa dos Estados, non só á hora de impulsar as reformas internacionais senón cando poñen en marcha as súas propias medidas, dende as axudas orzamentarias do 0,7% -que unicamente cumpren media ducia de países nórdicos e centroeuropeos- a outros programas de cooperación, desenvolvemento e transferencias tecnolóxicas.

### **3. UN NOVO PERFIL DO SINDICALISMO INTERNACIONAL.**

A globalización non é un forza ingobernable da natureza, é o produto da interacción de suxeitos sociais que poden e deben modificar a súa conduta actual por outra máis equilibrada que faga máis aceptables os resultados do proceso.

Neste senso, a tarefa sindical a nivel internacional é inxente e, dende logo, transcende con creces as mensaxes de solidariedade e as modestas axudas entre organizacións de diferentes latitudes. O plano mundial require un suxeito activo que asuma o protagonismo transformador propio do sindicalismo en calquera outra esfera de actuación.

É certo que os sindicatos non contan con interlocutor social, empresarial ou político, no plano internacional, que unifique o proceso de establecemento de compromisos, pero elo non impide unha actuación sindical nese ámbito:

Institucional: impulsando reformas dos organismos internacionais e esixindo o cumprimento dos convenios e compromisos.

Xeográfica, animando e seguindo os procesos de integración de mercados e as súas cláusulas sociolaborais a nivel subcontinental.

Empresarial, coas iniciativas, a través dos secretarios profesionais internacionais, de acción sindical nas empresas multinacionais.

Coordinación sindical, vertebrando ás confederacións sindicais nacionais nun proxecto común. Recabando unha optimización das redes intersindicais de información e do traballo en redes, entendendo que é fundamental o coñecemento inmediato de situacións que, derivadas da multinacionalización, poden afectar simultaneamente aos mesmos Sectores de países diferentes.

A Confederación Sindical Internacional (CSI), onde UGT participa activamente en tanto que é un dos sindicatos fundadores, pode xogar un novo papel que dote a esta organización dun perfil de auténtica confederación internacional.

Na práctica, a Confederación Sindical Internacional, creada a partir de la disolución da CIOSL e a CMT en novembro de 2006, é hoxe en día a maior forza sindical, xa que a súa ampla afiliación (máis de 181 millóns de traballadores e traballadoras con presenza organizada en máis de 154 países), permite a súa incidencia práctica no ambicioso proxecto de democratizar a globalización. Valoramos o movemento sindical internacional de clase coo a mellor garantía dos dereitos humanos e sindicais, permanente cuestionados no mundo actual.

## **VI. A NATUREZA E A ACCIÓN MEDIOAMBIENTAL.**

O desenvolvemento económico do último século e medio, sen precedente histórico pola súa envergadura e intervención na natureza, baseouse (e o que é máis grave, en parte foi posible) na destrución irreversible dunha parte das reservas naturais e dos recursos que nelas se atopan, así como da humanidade que forma parte delas.

No século XX, a poboación cuadriplicouse, pero a produción industrial multiplicouse por 18, cun modelo produtivo que está esgotando os recursos naturais, xerando deforestación, redución de pesqueiras e provocando efectos negativos sobre o contorno (contaminación atmosférica, de augas e solos), entre outros impactos.

Agora ben, non podemos pedir a paralización do crecemento cando cerca dunha quinta parte da humanidade non ten nin sequera dispoñibilidade de auga e precisamente a súa insalubridade xera o 80% das enfermidades.

Co actual modelo produtivo, se nas próximas décadas tratamos de nivelar as condicións de vida de toda a humanidade coas que gozan unha sexta parte dela, a velocidade de destrución da natureza dispararíase ate cerca de duascenas veces respecto ao ritmo de degradación actual.

Por imperativo moral temos que responder á pobreza e ás pésimas condicións de vida da inmensa maioría da poboación. Por limitación física o actual modelo de crecemento –que por outra parte xerou enormes desigualdades- non pode dar resposta a aquela esixencia social.

Nós propugnamos unha ecoloxía humanista, resaltando que o maior e máis lacerante dos desequilibrios é a fame, a miseria e a insalubridade que padecen millóns de seres humanos. Un plantexamento que ao mesmo tempo debe ser compatible coa revisión dunha vella concepción da humanidade como raíña da natureza, limitada esta a ser unha mera realidade instrumental, puro decorado da actividade humana.

Nunha palabra, resulta imprescindible cambiar o rumbo da actividade económica cun obxectivo permanente claro: o equilibrio do ecosistema.

As liñas de actuación desta ineludible aposta medio ambiental teñen dimensións económicas sociais e laborais para facer posible un desenvolvemento sostible, isto é, fisicamente posible, apostando polo diálogo social, ao obxecto de que as organizacións sindicais aporten a súa experiencia nestes temas e poidan participar desta consecución, sen esquecer, en ningún momento o concepto da humanidade, como ser individual, onde englobase como persoa traballadora e como parte da cidadanía.

As políticas económicas, sectoriais e medio ambientais carecerán de toda viabilidade de futuro senón integran a dimensión medio ambiental que determina algunhas delas e condiciona a súa totalidade, entendendo o medio ambiente como unha política transversal presente de modo horizontal en todas elas.

As políticas ambientais do novo século deben vincular directamente o progreso da sociedade coa protección do medio que nos rodea. Neste sentido, a reconstrución ecolóxica da sociedade industrial e un cambio nos estilos de vida son fundamentais para chegar a unha verdadeira transformación social sostible.

UGT debe cooperar nos seus compromisos medio ambientais coas organizacións e movementos que defenden o valor da natureza, con propostas ecolóxicas equilibradas, revisando criticamente tanto o vello produtivismo industrial, como o fundamento conservacionista.

Estamos, aínda lonxe de albiscar o alcance dun novo proxecto ecolóxico, pero UGT adianta a súa vinculación a uns compromisos básicos:

- A educación medio ambiental para coñecer e respectar a natureza. En todos os niveis educativos e especificamente dirixida a nosa afiliación e representación.
- A revisión da acción sindical para impregnarse dos novos valores, xa que a vida produtiva, en xeral, e a empresa, en particular, son unha inevitable fonte de degradación medioambiental, en primeiro lugar da propia saúde das persoas traballadoras.

Para isto debemos introducir novas formulacións como:

- Traballar o medio ambiente dende a negociación colectiva.
- Potenciar a figura o Delegado/a de Medio Ambiente.
- Favorecer a participación das persoas traballadoras nos Sistemas de Xestión Medioambiental (SGMA).
- Acceso á información medio ambiental da empresa.
- A adecuación das políticas de crecemento e emprego, propugnando a reorientación do modelo na consulta e a negociación de novos proxectos industriais e sectoriais.
- A xestión da auga, como o máis importante dos recursos, escaso e desigualmente distribuído, buscando o equilibrio territorial, as políticas de aforro e a reciclaxe das augas, a introdución de novas tecnoloxías e o uso racional do recurso hídrico.
- A política enerxética que, garantindo o subministro a cidadanía, promova os investimentos en seguridade e no perfeccionamento das tecnoloxías existentes, para evitar ou reducir os efectos nocivos, e impulse a produción enerxética tradicional cara as enerxías renovables, fomentando a eficiencia e o aforro enerxético e a creación e consolidación de postos de traballo.
- No ámbito galego, a elaboración do Plan Galego Contra o Cambio Climático constitúe unha ferramenta adecuada para a minimización das emisións de CO<sub>2</sub> e, neste senso, consideramos necesaria a súa inmediata implementación. Así mesmo, a UGT de Galicia considera precisas novas liñas de subvencións ás empresas galegas que incentiven a súa modernización tecnolóxica, coa conseguinte redución das emisións contaminantes.
- Outra liña estratéxica para o desenvolvemento do noso país debe ser a aposta polas enerxías renovables (enerxía eólica, xeotérmica, biocombustibles) e, pola tecnoloxía non contaminante, apostando polo investimento público e privado en proxectos de I+D+I, e promovendo novos xacementos de emprego cualificado, e cun importante valor engadido.
- A potenciación dos recursos forestais, dentro dunha xestión do patrimonio natural, incentivando o desenvolvemento rural e a estabilización da poboación no campo.
- A seguridade alimentaria, cunha adecuada identificación e avaliación de riscos, revisando as políticas de alimentación humana e animal, onde as Administracións Públicas deben asumir a súa responsabilidade no funcionamento dos mecanismos e órganos de control, así como impulsar as liñas de investigación que garantan a seguridade alimentaria e a protección do medio ambiente.
- A ordenación territorial, cun desenvolvemento urbanístico que recupere a cidade como espazo de valor social e resolva os diferentes niveis de habitabilidade campo/urbe.
- Impulsar a creación da figura do/a Axente de mobilidade

- O establecemento dun modelo de mobilidade sostible baseado nun sistema de transporte público máis planificado, eficiente e incrementado aos polígonos industriais.

## **VII. O CRECEMENTO ECONÓMICO E A DISTRIBUCIÓN DA RIQUEZA.**

Resulta lóxico pensar que o crecemento económico só encontre lexitimidade na prosperidade da poboación. A economía non encerra unha finalidade propia, diríxese a satisfacer necesidades humanas e obxectivos sociais, e é aí onde a sociedade necesita debater sobre os seus fins. Para UGT, os obxectivos máis importantes da actuación económica son o pleno emprego, a xusta distribución da riqueza e a mellora da calidade de vida.

A atención deste mapa de obxectivos obriga á adecuación dun modelo de crecemento cegamente cuantitativo, desprazando o interese de “canto” a “onde e como” se medra. Ademais da translación do énfase ó cualitativo, todo o crecemento estará condicionada polos propios límites físicos que impón o contorno medioambiental.

A eficacia do modelo é a base para atender as necesidades sociais, no noso caso nun insuficiente Estado de Benestar. As debilidades económicas e as deficiencias estruturais en España, máis alá dos considerables equilibrios macroeconómicos acadados, xeran baixos niveis de renda e emprego nunha simple comparación cos países europeos.

A consecución dunha converxencia nominal das grandes magnitudes económicas é un factor de estabilidade, pero directamente non arrastra á converxencia real de condicións de vida. De aí a importancia de acertar cun modelo de crecemento que nos encamiñe a unha equiparación social dentro da Unión Europea.

### **1. CRECIMENTO EQUILIBRADO E XERACIÓN DE EMPREGO.**

Todo comeza por resituarse como primeiro obxectivo ao emprego, base de todo o noso modelo social. Con este propósito, a economía española necesita profundas transformacións estruturais que nos doten dun sector industrial máis punteiro, uns servizos de nova xeración, unha agricultura eficiente con equilibrios territoriais e, sobre todo, unhas empresas innovadoras e competitivas.

Estas transformacións necesitan unha política económica máis activa, para a cal as marxes de manobra son cada vez máis estreitas por parte do Estado, pero non por iso pódese evitar a eficacia de múltiples accións nos ámbitos onde os poderes públicos conservan capacidade de actuación, tanto a vía dos programas públicos como o recurso ás regulacións horizontais e sectoriais.

Un primeiro punto de atención estaría nunha política activa para dotarnos dunha base industrial sólida, tecnoloxicamente avanzada e competitiva no exterior. Tal **obxectivo**

sería a mellor garantía para o emprego e o benestar, posto que a industria é o sector produtivo que maior interrelación sectorial xera, transformando a orientación e a calidade dos servizos. A nova economía non é propiamente industrial, pero si o seu sustento tecnolóxico, polo que os esforzos en investigación e desenvolvemento son decisivos, máxime en España onde os gastos en I+D apenas chegan á metade da media comunitaria.

Os servizos, hoxe caixón de xastre de múltiples tipos, desde os de alta tecnoloxía ás prestacións de valor marxinal, necesitan unha reorientación para crecer co propio nivel de renda, pero sobre todo, para cualificar e adecuar a súa oferta na sociedade da información, hoxe posible por un exponencial crecemento das comunicacións.

Pero segue sendo igualmente crítico dispor duns servizos máis avanzados en educación e sanidade, do mesmo xeito que o estratéxico sector turístico necesita unha mellor estruturación da súa oferta e igualmente requírese un incremento substancial das infraestruturas públicas.

O desenvolvemento dos espazos rurais e a defensa do patrimonio natural obrigan a unha reorientación do noso sector agropecuario na Política Agraria Común (PAC), favorecendo así a equiparación de rendas e o equilibrio territorial. Para iso, as políticas gobernamentais poden axudar a racionalizar as explotacións, rexuvenecer e formar aos traballadores e favorecer as canles de comercialización e a calidade dos produtos. Iso require un cambio estrutural nas políticas de acompañamento á agricultura europea, apostando polos agricultores máis necesitados de ditas políticas, mediante un sistema de modulación das axudas da PAC.

As Administracións deben tamén facilitar outras alternativas complementarias a través do lecer e o turismo rural.

A intervención do Estado na economía reducirá a súa función sectorial nos novos marcos regulatorios europeos e en mercados cada vez máis liberalizados. Pero as políticas públicas de intervención dos Estados seguirán sendo decisivas ante mercados imperfectos e, en todo caso, o papel do gasto público (tanto en dimensión como en composición) resulta crucial xunto ao consumo á hora de impulsar políticas de demanda, imprescindibles para a consolidación do crecemento económico.

Neste sentido, o gasto público (independentemente do valor intrínseco dos investimentos públicos e os gastos sociais) é un instrumento rápido e eficaz para impulsar temporalmente a reactivación, como ciclicamente descubren e utilizan todos os gobernos (máis aló de ideoloxías económicas) xunto á política monetaria en momentos de recesión, iso si, con diferente eficacia na súa instrumentación e a pesar do "desiderátum" do equilibrio orzamentario.

Pero un novo modelo de crecemento ten igualmente que favorecer o cambio de rumbo ecolóxico e pasar da protección reparadora do medio ambiente á protección preventiva. O uso de tecnoloxías non contaminantes é tan desexable como incipiente e aínda estamos lonxe de minimizar os insumos de enerxía que permitan, entre outras cousas,

unha sólida renuncia á enerxía nuclear. O fomento da economía da reciclaxe e o desenvolvemento de produtos duradeiros que non exacerben o consumismo, son tamén esixencias dun desenvolvemento sostible”.

## 2. POLÍTICA DE INFRAESTRUTURAS

As infraestruturas son un elemento esencial para articular a actividade económica e podemos definilas como o conxunto de bens que sustentan o tecido produtivo e facilitan os intercambios de bens e servizos e a actividade social durante longos períodos de tempo.

A existencia dun sistema integrado de infraestruturas común a todos os sectores da nosa economía, é xeradora de economías externas, pois permite reducir os custos internos, aumentar a produtividade dos recursos e obter a maior competitividade no mercado, en prezos e calidade.

Isto é o que se denomina loxística que, á súa vez, configúrase como un instrumento crave para potenciar a economía produtiva e o comercio exterior a través dun sistema de infraestruturas estruturado, eficiente e rendible que permite optimizar este factor estratéxico de competitividade.

Á hora de planificar as infraestruturas hai que ter en conta os distintos tipos: vías de transporte e comunicación, infraestruturas para a xeración e transporte de enerxía, equipamentos, vivenda, medio ambiente, actuacións sobre costas, actuacións en materia hidrolóxica, etc.

Por outra banda, as infraestruturas están intimamente ligadas ao nivel de desenvolvemento das rexións, converténdose este binomio nun círculo vicioso que a planificación debe romper, co obxecto de conseguir unha estrutura nacional compacta.

A planificación e realización de infraestruturas debe ser para os poderes públicos o instrumento máis adecuado para loitar contra os desequilibrios territoriais debendo, ademais, coordinarse coa estratexia de política industrial, integrando todas as modalidades, co fin de avanzar e profundar no cambio de modelo produtivo sobre a base da cohesión.

Esta planificación que esiximos traerá como consecuencia: A recolocación de actividades; a optimización da cadea do transporte; creación de emprego; atracción e arraigamento de actividades económicas; e minoración de desigualdades.

Para que as formulacións anteriores teñan plena efectividade requírese dunha dotación crecente de recursos públicos nos PGE, UGT Galicia demanda que nos vindeiros exercicios orzamentarios exista unha dotación de investimento real dos Presupostos Generales del Estado referidos a Galicia que permitan o remate nos prazos previstos das infraestruturas comprometidas para a nosa comunidade. En consecuencia, o investimento público en infraestruturas debe ter prioridade no gasto público. Os beneficios deste investimento redundarán na dinamización da economía e tamén terá efectos no aumento da produtividade, o funcionamento eficaz dos mercados de bens e

servizos, a vertebración do territorio e o desenvolvemento das zonas máis desfavorecidas

### **3. UNHA EQUITATIVA DISTRIBUCIÓN DA RIQUEZA.**

A asignación de rendas derivadas da distribución e redistribución do produto social apoiase en todas as pezas que conforman o Estado de Benestar, pero sindicalmente merece acentuar varios obxectivos:

- a) Lograr o pleno emprego, ampliando a base das rendas do traballo.
- b) Mellorar o poder adquisitivo dos salarios, distribuíndo equitativamente os incrementos de produtividade.
- c) Favorecer os equilibrios territoriais, xerando oportunidade equitativas de vida e traballo en todas as rexións.
- d) Establecer unha fiscalidade máis xusta, reequilibrando esforzos un exercicio de progresividade fiscal.

#### **O pleno emprego**

O pleno emprego, como sumario do acceso libre e individual a un posto de traballo axeitado, é a mellor expresión de valor dos resultados económicos.

O seu logro require tupir unha fina malla de políticas activas que eviten as bolsas de desemprego coexistindo coas demandas de emprego vacantes. Un fenómeno de marxinação que poida instalarse nos colectivos máis desfavorecidos pola súa situación na pirámide poboacional –grupos de mozos e mozas, mulleres e capas de maior idade- ou pola súa baixa cualificación profesional.

En relación as persoas traballadoras discapacitadas, é unha esixencia sindical o cumprimento da Lei de Integración Social dos Minusválidos (LISMI), o que suporía unha importantísima incorporación laboral para este colectivo

O crecemento da poboación activa e a súa equiparación á ocupada é unha excelente vía de distribución da riqueza, con efectos colaterais de extensión da remuneración aos colectivos de mozos e mozas e equiparación home/muller na xeración de rendas.

#### **As melloras salariais**

UGT considera que o pleno emprego é perfectamente posible, se se dan as condicións requiridas, para o que é preciso un compromiso xeral dirixido ao obxectivo do emprego para todos e todas: a orientación das políticas e actuacións públicas cara á creación efectiva de empregos, as garantías de dereitos laborais que impidan a explotación e a atención e cobertura suficiente das necesidades sociais; en definitiva, un compromiso de equidade e xustiza na distribución e redistribución da renda, tanto vía ingresos como vía gastos. Todo iso conducirá ao pleno emprego e xa que logo á mellora da calidade de vida de toda a cidadanía.

A negociación dos incrementos salariais é a forma directa de participar nos crecementos de produtividade, distribuindo máis axeitadamente rendas de traballo e de capital, sen prexuízo de combinar estas políticas coa maximización do emprego e a redución do tempo de traballo.

A política salarial contribúe a deseñar, con aceptación social, a estrutura e os abanicos salariais, como unha segunda derivada do esforzo distributivo perseguido. En particular, resulta imprescindible fixar un salario mínimo xeral e de convenio que garante, dende a dignidade retributiva, as condicións de vida ás persoas que menos gañan.

### **Os equilibrios territoriais**

O noso modelo territorial, constitucionalizado como Estado das Autonomías permitiu unha importante descentralización do Estado e a asunción de amplas capacidades de autogoberno para as CCAA, pero o funcionamento do sistema dista moito da perfección facéndose necesario avanzar en varias direccións. Dunha parte desenvolver a capacidade de xestión dos concellos para evitar precisamente novos centralismos autonómicos e ao mesmo tempo mellorar a capacidade das CC.AA de corresponsabilizarse das políticas que dende o Estado se deseñan con efectos directos sobre estas.

Neste contexto, a unidade do mercado de traballo é un principio respectado que debera dar amparo á igualdade de oportunidades territoriais no acceso ao emprego, sen prexuízo das políticas activas de crecemento e desenvolvemento rexional que se poidan impulsar no ámbito autonómico.

Pero o calado de fondo na distribución da riqueza está nas políticas de equilibrio rexional, nos mecanismos que fagan posible condicións de vida equitativas en calquera punto xeográfico. A acción sindical asume unha enorme responsabilidade no equilibrio territorial desexable, xa que a negociación colectiva articular é o mellor instrumento para a homologación salarial interrexional.

### **A progresividade fiscal**

Para UGT, a estrutura do Estado español en autonomías con competencias propias faio máis democrático, ao achegar os centros de decisión á cidadanía, máxime tendo en conta que os órganos autonómicos tamén son Estado e forman parte del. En definitiva, entendemos que o modelo social do Estado das Autonomías ten que basearse en dous principios esenciais: a vertebración do Estado e a cohesión social e territorial.

A política fiscal, esencia no Estado de Benestar, pecha coas accións redistributivas, o ciclo dunha xusta distribución da renda. UGT identifícase co precepto constitucional que exhorta a que todos e todas contribuíamos de acordo coa nosa capacidade económica, baixo os principios de igualdade e progresividade, co propósito de dispoñer dunha axeitada financiación para a atención das necesidades sociais básicas que deben ser obxecto de protección.

Elo implica afrontar a pregunta de ¿Imposto, para qué? e de este modo evitar a dinámica de reducir a fiscalidade cegamente, facendo abstracción dos efectos sobre a protección social –sanidade, educación, prestación,...- e sen un rigoroso contraste sobre a propia redistribución da carga fiscal entre colectivos sociais.

Sen embargo, a pesares da insuficiencia dos nosos recursos públicos respecto ao conxunto de países da Unión Europea, acumuláronse durante décadas sucesivas reformas parciais que reducen a capacidade recaudatoria, trastocan a progresividade, rebaixan a fiscalidade das rendibles de capital e aumentan os impostos indirectos. Todo elo dentro dunha pasividade fronte ao fraude fiscal, principal causa da regresividade e insuficiencia do noso sistema.

Con tales parámetros UGT debe perseverar na defensa dunha fiscalidade máis xusta, cunha loita decidida contra o fraude fiscal e unha mellor distribución da carga tributaria. Elo implica unha revisión do tratamento das rendibles do traballo, sen perder de vista a necesidade de avanzar na harmonización fiscal e nivel europeo, para evitar, entre outras cousas, unha dinámica transnacional de captación desfiscalizada de capitais.

### **VIII. O ESTADO DE BENESTAR E A CALIDADE DE VIDA**

O edificio do Estado de Benestar é a máis completa expresión do consenso básico da nosa sociedade, gozando en todos os países europeos dunha aceptación social só comparable cos propios valores do sistema democrático.

O modelo social europeo basease na cohesión e a redistribución coa prevención social, a universalidade e gratuidade de servizos básicos e a provisión de bens colectivos e equipamentos públicos. Un amplo panel de coberturas cargadas de evidentes razóns de solidariedade e xustiza social, pero ao mesmo tempo impregnadas dun valor para o sistema económico que necesita mecanismos de flexibilidade e exteriorización de riscos.

A clara virtualidade do modelo non exime de disfuncións na construción do Estado de Benestar, con efectos non desexamos nos mecanismos protectores ou abuso das prestacións absolutamente condenables, que algúns aproveitan para deslexitimar todo o modelo. A defensa do sistema ten que ir unida a unha atenta análise dos problemas de financiamento, a natureza das coberturas, o rigor no uso das prestacións, pero sen perder de vista os obxectivos da erradicación da pobreza, a marxinação ou a exclusión social.

De aí a necesidade dunha revisión crítica que favoreza a eficiencia social do sistema e acerte na natureza das prestacións. Pero esta apertura de miras non pode confundirse con posicións desestabilizadoras que practicamente establecen a ruptura dos compromisos sociais do Estado ou concepcións rexeitables que trastocan –na dicotomía mercado/dereitos- a xerarquía básica dos valores constitucionalizados, presentando como alternativa un modelo de Estado mínimo ou asistencialista.

En España, os poderes públicos teñen o mandato constitucional que lles obriga a soste un réxime público de Seguridade Social para toda a cidadanía, que garante unhas prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade. Un compromiso, en que a súa consolidación e perfeccionamento deben participar os interlocutores sociais xunto ao propio goberno.

É evidente que algúns autores e institucións como o FMI e a OCDE alertaron un clima de crise nos estados de benestar, baixo o argumento dos seus custos e cuestionando a eficiencia na súa xestión.

A estas alturas está demostrado que se trata dun debate ideolóxico e interesado, o cal busca alentar as privatizacións nos sistemas de pensións, a educación e a sanidade, como fórmula de facer negocio con determinados dereitos fundamentais da cidadanía.

En definitiva, trátase de contraponer a eficiencia do sector privado respecto ao sector público, como un elemento que debería contribuír a unha redución do gasto público. Pola contra, a nosa opinión é que a equidade e os obxectivos sociais non poden condicionarse a determinados criterios discutibles sobre a influencia do gasto público no crecemento económico.

Un maior grao na intervención do Estado nunca está rifada nin cunha maior eficiencia nin con a liberdade do individuo.

UGT, con igual determinación, defende a consolidación e mellora do sistema de protección social con carácter público e solidario, xunto co resto dos valores constitucionais que integran o Estado de Benestar como a educación, a cultura, a vivenda e os servizos públicos. Unha defensa oportuna cando estamos lonxe da equiparación dos nosos gastos sociais á media comunitaria.

## **1. A PROTECCIÓN INTEGRAL DA SAÚDE.**

O noso modelo sanitario, froito dun importante consenso, ten que facer realidade os principios nos que se basea a protección do ben máis prezado: a saúde. UGT cre firmemente que o dereito á saúde que ten toda a cidadanía só pode facerse efectivo mediante un Sistema Nacional de Saúde, integrado polos servizos de saúde da Administración Central do Estado e das Comunidades Autónomas, con financiamento, provisión e xestión públicas que, como tal, garanta, por unha banda, a aplicación dos principios básicos de universalidade, equidade, gratuidade e eficacia e, por outro, teñan as persoas usuarias como centro do mesmo.

Unhas garantías igualmente vivas coa descentralización sanitaria. Fronte a esta nova realidade descentralizada, é necesaria unha maior coordinación, a fin de asegurar unha calidade e prestacións homoxéneas no Sistema Nacional de Saúde. Para axustar o modelo aos principios que o inspiran, UGT constata a necesidade de realizar un conxunto de tarefas pendentes como a consolidación dunha atención primaria que non se reduza á atención da enfermidade, a redución drástica das listas de espera, o

inmediato das probas diagnósticas e un potente sistema de desenvolvemento das políticas de saúde pública e laboral.

A prevención, promoción e educación para a saúde requiren novas prestacións no catálogo (como as bucodentais, asistencia sociosanitaria a domicilio a crónicos e enfermos mentais, creación de institutos de saúde pública e alimentaria e potenciación da saúde mental), o uso máis racional do medicamento, a sanidade domiciliaria e as clínicas de repouso ou convalecencia.

## **2. A INTENSIDADE PROTECTORA DAS PENSIÓNS.**

O noso sistema de pensións de natureza estritamente pública, apoiado nun sistema público de reparto, debe ser solidario, equitativo e seguro.

Partimos dunha realidade que, sen ser desdeñable, está lonxe de ofrecer a intensidade protectora que necesitan as pensións.

As pensións asistenciais e non contributivas teñen que constituír un zócalo básico de protección, rede de mínimos nas prestacións económicas, financiadas vía orzamentaria pola súa propia natureza solidaria. Na actualidade, estas pensións, pola súa ínfima contía e incluso pola súa limitada extensión, tan só despregou os seus primeiros pasos e non chegaron a dar resposta nin ao espírito que as anima, nin á demanda e necesidade social real.

O noso sistema contributivo require:

- Completar a súa extensión e avanzar na equidade e igualdade de trato (é o caso das limitacións en invalidez, tal e como está sucedendo cos traballadores e traballadoras afectados polo VIH/SIDA, na que se deben conxugar os dereitos e os riscos de deterioro persoal).
- Revisar as contías mínimas, especialmente de viuvez e orfandade, aínda que a clave está no Salario Mínimo Interprofesional (SMI) de referencia.
- Evitar novos criterios de cálculo que supoñan recortes efectivos de contía.
- Solucionar a penalización actual das xubilacións anticipadas e atender opcións adecuadas de prexubilación (cando temos a idade real media de xubilación máis alta de Europa) que conxuguen dereitos con oportunidades para os axustes dos cadros de persoal

## **3. A EXTENSIÓN DA PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E A INCAPACIDADE LABORAL**

Desde un cínico binomio moral, por parte dalgúns neoliberais formulouse como incentivo á actividade económica un paradoxo social na que a persoa parada, canta menos cobertura tivese máis animaríase a buscar un emprego; o empresariado, cantos máis beneficios obtivese máis ganas xeraríanselle de facer negocios.

Implicitamente, algo calou desa desvergonzada crenza na dobre motivación social, á hora de articular silenciosamente unha dualidade de trato e culpabilizar o comportamento persoal dos propios traballadores e traballadoras en paro, xustificando así con máis conformidade moral, a insuficiente cobertura social. En España, menos da metade das persoas traballadoras en paro goza dalgunha protección por desemprego.

Con todo, empiricamente conséntase que a protección por desemprego (prestacións económicas, formación e orientación profesional) mellora notablemente o éxito na procura dun emprego adecuado (non calquera cousa, senón o que maximice a capacidade laboral), amen do insubstituíble valor social das coberturas para a propia subsistencia.

UGT debe desempeñar un papel impulsor para mellorar a cobertura social dos desempregados e eliminar os intentos de culpabilización que pretenden agravar máis esta situación.

Para iso, UGT mantén a defensa dunha Carta de Dereitos dos Traballadores en Paro, que ten como eixes fundamentais o dereito ao traballo e á dignidade como persoas traballadoras e como cidadanía, a garantía dunha educación e formación adecuadas, o funcionamento eficaz dos Servizos Públicos de Emprego, unha protección por desemprego suficiente e todos aqueles aspectos que permiten facer eficaz o exercicio dos seus dereitos como cidadanía (mobilidade e libre circulación, propia imaxe, acceso aos bens culturais e sociais, etc).

Por estas razóns de elemental compromiso social e probada eficacia económica, UGT apoia decididamente unha reforma que reforce o sistema contributivo para todas as modalidades de contrato cunha xusta equivalencia entre cotización e duración. Ao mesmo tempo, reclamamos unha verdadeira prestación asistencial de financiamento orzamentario que universalice a protección a todas as persoas desempregadas.

Igualmente, resulta obrigado ampliar o alcance da Incapacidade Temporal, da que aínda non se benefician algúns colectivos de persoas traballadoras, preservando a súa xestión na propia Seguridade Social.

Tamén é preciso dar unha resposta ao dereito de recuperación plena da saúde naqueles casos en que se require unha incorporación progresiva ao posto de traballo, cun seguimento específico desde os servizos públicos de saúde.

#### **4. O DESENVOLVEMENTO DA PROTECCIÓN SOCIAL.**

A protección social ten que cubrir un amplo abanico de continxencias que deber prestar a Seguridade Social, cunha xestión basicamente integrada nun sistema público unitario e solidario como a mellor garantía de igualdade para toda a cidadanía nos seus dereitos sociais.

Todo isto sen prexuízo do deber doutras Administracións (especialmente as CCAA) para impulsar o benestar social e a calidade de vida da cidadanía, colaborando no

desenvolvemento dos servizos sociais e no impulso de medidas compensadoras en materia de prestacións asistenciais.

Certos cambios sociais (lamentablemente xeradores de desigualdade e marxinación), as novas pautas familiares e as novas formas de convivencia (perda do seu valor nuclear), acentuando a individualidade), reformulan os mecanismo de protección para dirixilos directamente a todas as persoas, basicamente inactivas ou desempregadas, establecendo dereitos propios de protección social, como por exemplo, a formulación de pensións para mulleres independentemente da situación de viuvez.

A primeira e máis inmediata esixencia diríxese a loitar contra a forma extrema de exclusión social, a pobreza, establecendo a garantía dunha renda mínima para toda a cidadanía, expresión do dereito subxectivo á propia subsistencia e base de calquera programa de inserción.

Ademais, as necesidades sociais das persoas maiores carecen dunha suficiente rede asistencial, cunha falta de despregue da asistencia a domicilio ou cun reducido volume de infraestruturas residenciais (nos seus diferentes tipos) da terceira idade. As limitacións destes servizos fanse aínda máis patentes nos casos das enfermidades invalidantes e as persoas dependentes de certa idade. O compromiso coas persoas maiores obríganos a esixir un potente Plan Xerontolóxico en todo o ámbito estatal.

As situacións de risco e exclusión que xeran as minusvalías, as enfermidades dexenerativas ou crónicas e as drogodependencias, entre outras, tamén requiren ser atendidas por servizos sociais especializados, con garantía de acceso para todos e todas.

Para tal fin, a debilidade do noso sector público resulta patente si de verdade quérese atender ás inxentes necesidades de servizos sociais propios de calquera país avanzado. De aí, xurde a necesidade de potenciar e redimensionar a acción pública no obrigado desenvolvemento da protección social e loitar contra a privatización destes servizos fundamentais. A Lei de dependencia é o instrumento adecuado para posibilitar a corrección desta situación, pero UGT reivindica a axilización da súa aplicación.

UGT reitera o seu compromiso de loita contra as pretensións de establecer un Estado de mínimos que acentuaría aínda máis a dualidade social. A promoción de auténticas políticas de protección social que garanten a dignidade de vida á cidadanía ven sendo unha das demandas xerais da actuación sindical en servizos sociais. Un dos factores imprescindibles é a creación dun mercado de traballo accesible e estable que garanta a ocupación laboral e, por tanto, a integración social.

A acción protectora do Estado, relativa a vellez, enfermidade, invalidez, protección familiar ou desemprego, debe complementarse co desenvolvemento por parte de todas as Administracións Públicas dos servizos sociais, que deben ser reforzados dotándoos de recursos suficientes e eficientes co fin de intervir ante situacións carenciais, así como realizar o traballo preventivo que dende os servizos sociais pódese e débese organizar.

En España, paradoxalmente, a pesar da tradicional defensa da familiar, dispoñemos do peor sistema de protección familiar de Europa. Os gasto de protección son vinte veces inferiores á media comunitaria e a contía de axuda por fillo ou filla é realmente ridícula. Neste caso, o aumento da dotación orzamentaria para o establecemento dunha mellor política de protección familiar resulta bastante evidente.

## **5. OS SERVIZOS PÚBLICOS E CALIDADE DE VIDA.**

Os Servizos Públicos teñen un valor esencial e crítico na mellora da calidade de vida, garantindo unha maior liberdade persoal e mais opcións individuais, ao satisfacer dereitos básicos e indispensables para a cidadanía configurando así unha nova concepción da cidadanía social.

Os acelerados e irreflexivos procesos de desregulación sectorial e privatización de actividades, están deteriorando a oferta de servizos públicos.

Non se trata de que o Estado deba ocuparse de todo, pero a provisión destas prestacións encerra un sentido de obrigación de servizo público que, pola forma en que se fixeron estas transferencias de actividades, cando todo se mercantiliza, terminan por difuminarse en prexuízo dos máis débiles. Neste sentido, dispomos de abundantes exemplos en transportes, enerxía, comunicacións, sanidade, educación, servizos sociais, etc.

UGT, en sintonía co sindicalismo europeo, segue outorgando unha especial importancia aos servizos públicos como expoñentes de solidariedade e expresión do interese xeral. Considera que a garantía de igualdade de acceso a uns servizos públicos eficaces constitúe unha das obrigacións irrenunciabes que os Estados democráticos deben de propiciar desde un sector público forte e estratéxico. Por iso, rexeita as privatizacións xeneralizadas e unilaterais dos servizos públicos que debilitan a calidade, propician a descohesión social e producen perdas de garantías de universalidade por unha inadecuada regulación, ao pasar a provisión de servizos de mans públicas a privadas, sen as garantías completas de prestación dun servizo non discriminatorio.

## **6. O DEREITO A UNHA VIVENDA DIGNA.**

O acceso a unha vivenda digna é unha necesidade básica e un dereito social. Non obstante, para unha parte importante da poboación aínda resulta un obxectivo inaccesible, pois as condicións de mercado e a falta de solo público elevan o prezo da vivenda, que fundamentalmente se ofrece en propiedade.

A política de vivenda require unha reorientación para facer efectivo un dereito tan elemental vinculado ao benestar social, sobre a base do fomento público de promocións e as políticas de protección que fagan efectivo o dereito á vivenda:

- Erradicando o chabolismo e calquera outra forma de infravivenda e asegurando un aloxamento digno a toda a poboación.

- Cun potente parque público de vivendas en aluguer alcanzables para a mocidade, persoas anciáns e familias de ingresos medios e baixos e acceso a vivendas en réxime de aluguer social ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Facilitando o acceso á propiedade en vivendas protexidas con condicións adecuadas de prezo e financiamento, reducindo o seu impacto nos gastos familiares.
- Incrementando as axudas para a rehabilitación e remodelación das áreas máis degradadas das cidades, co fin de garantir a recuperación urbanística, social, económica e cultural das zonas deterioradas.
- Conseguindo máis solo público para poñer a disposición dos promotores públicos ou sociais

## **7. A EDUCACIÓN PARA TODOS E TODAS, A CLAVE DE FUTURO.**

Hoxe en día xa ningúen cuestiona en teoría o valor da educación, nin sequera a súa protección xurídica como dereito fundamental. Agora ben, dende ese gran pacto de principio pretendemos que a oferta, a xestión e os contidos educativos non sexan fonte de desigualdade e discriminación, sexa esta social, étnica, ideolóxica e ben afecte ao profesorado, o alumnado ou ás familias. De igual modo, faise imprescindible a erradicación de toda barreira física ou comunicacional que aínda persisten no noso sistema educativo.

Un sistema educativo público, integrador, que atenda á realidade multicultural da nosa sociedade, participativo e de calidade, xestionando en cada ámbito, como o propio modelo de escola pública que UGT defende, seguirá sendo a mellor garantía da igualdade de acceso para todos e todas e un punto de partida para que unha formación da cidadanía sólida e crítica faga posible unha sociedade libre, xusta e igualitaria.

A educación debe asumir novas tarefas para ciencia, innovación, tecnolóxica e práctica social atopan un nexos de unión:

- Os continuos cambios técnicos e a actitude e capacidade de adaptabilidade que estes requiren coa capacidade de manexar criticamente a información e os coñecementos.
- A transformación do concepto de profesión de natureza estática por outro máis dinámico, que enlace coa adquisición de novas cualificacións e competencias profesionais das persoas traballadoras.
- A integración da educación xeral e a formación profesional, garantindo como dereito a formación permanente ao longo de toda a vida.
- Os instrumentos fronte á discriminación e a exclusión social.
- Igualmente, é preciso vencer o retroceso na educación pública e laica por parte dos poderes públicos, a ausencia de criterios de Estado nas políticas educativas e insuficiencia de recursos na acción educativa.

- É mester que se desenvolva en Galicia o Estatuto dos funcionarios docentes galegos, logo de que se aprobe o do Estado, e irremediamente que se desenvolva a Lei de Educación Galega.
- Hai que conseguir que o Primeiro Ciclo 0-3 anos de Educación Infantil pase a depender da Consellería de Educación.

Por iso, UGT aposta decididamente por desenvolver a sociedade do coñecemento, clave dun novo modelo de desenvolvemento sostible, enfrontándose aos novos retos que a educación e a investigación teñen no inicio do século XXI. Este desafío pasa por garantir un financiamento adecuado tanto do sistema educativo como do sistema de I+D+i para conseguir os obxectivos marcados no Cumio de Lisboa e defender unha educación integradora, solidaria entre Comunidades, participativa e con valores democráticos como garantía do principio de igualdade para toda a cidadanía

## **8. A DIVERSIDADE CULTURAL E A TOLERANCIA SOCIAL.**

A cultura debe ser un patrimonio aberto a toda a sociedade que, dende cada entorno, se debe impregnar de diversidade, respecto e tolerancia. O fomento de iniciativas pode ser múltiple: difusión e diversidade cultural, debate libre, creación artística ou información reflexiva.

A influencia decisiva dos medios electrónicos, especialmente internet, xunto ao despregue multimedia abren un apaixonante campo de interpretación de tecnoloxía e cultura, cunhas potencialidades case ilimitadas, ofrecendo non só luces senón algunhas sombras como a pasividade na recepción, a subcultura ou a glorificación da xenofobia e a violencia.

UGT debe contribuír a un empeño da dignificación cultural, baseado na liberdade e a tolerancia, con contribucións de signo diverso pero cargadas de sensibilidade social, poñendo á súa disposición a infraestrutura física, a súa cultura de intervención social, a actividade formativa e os órganos de expresión do Sindicato.

A sociedade española reclama un modelo de convivencia baseado en valores de progreso, paz e xustiza social, na redistribución da renda e das oportunidades, no acceso de todos e todas a un Estado de Benestar máis desenvolvido.

A UGT reitera o seu compromiso cos ditos valores, e cun modelo que vai a esixir un importante esforzo por parte dos poderes públicos para achegarnos ao paradigma de progreso defendido tradicionalmente polo noso Sindicato, a UGT móstrase conforme e apoia a impartición da materia de educación para a cidadanía, xa que sempre que se base nos valores da tolerancia e no civismo supón un avance na nosa vida en sociedade dun modo máis respectuoso.

## **9. A XUSTIZA COMO GARANTE DOS DEREITOS DE CIDADANÍA**

O desenvolvemento pleno do valor da xustiza é un obxectivo irrenunciable no modelo de sociedade que defendemos. A liberdade, a igualdade e a solidariedade aséntanse sobre este principio.

A xustiza ten unha dobre dimensión nun Estado de Dereito. Dende un enfoque máis próximo e directo, é unha función do Estado imprescindible para a resolución de situacións conflitivas e para evitar fugas no cumprimento da lexislación ou dos compromisos adquiridos; para a cidadanía, a xustiza convértese así nun valor social de primeiro orde, que incide de xeito poderoso nas máis diversas situacións sociais.

Por outra parte, o correcto e equilibrado funcionamento do poder xudicial é un reflexo e unha condición para asegurar a “calidade democrática” do Estado. Os grandes males políticos das sociedades democráticas afectan de maneira directa e prioritaria ao poder xudicial e correlativamente atopan solución, na medida en que xuíces e tribunais asuman o seu papel de aplicación das normas e valores propios do Estado social e democrático de Dereito.

Pero o sindicalismo debe incidir ademais na defensa xudicial dos intereses sociais e laborais. A xustiza e o procedemento laboral deben contar con instrumentos rápidos, eficaces e modernos de protección. A actualización que noutras facetas da dimensión cívica afecta á xustiza -singularmente a protección ao consumidor, ao medio ambiente ou ás relacións mercantís ou civís-, debe estenderse á xustiza laboral.

A cidadanía, na súa condición de traballador ou de titular de dereitos de protección social, debe percibir que o poder xudicial funciona como elemento de equilibrio na súa desigual relación co empresariado, coas Administracións Públicas e coa Seguridade Social.

Finalmente, a xustiza como valor, ten adecuados camiños a través da autocomposición de conflitos. O papel impulsor destes mecanismos no ámbito laboral que o Sindicato vén realizando, debe completarse e desenvolverse, favorecendo que institucións como a mediación e o arbitraje contribúan a unha maior participación nas relacións de traballo e á procura de solucións alcanzadas a partir da negociación e composición de intereses.

## **IX. A CONSTRUCCIÓN SOCIAL EUROPEA**

UGT aspira a unha Europa unida, de carácter social e democrática, que desenvolva un marco político no que se poida establecer e facer realidade o cadro de dereitos cívicos para a consecución dunha nova cidadanía.

O tratado de Lisboa reconece a Carta de Dereitos Fundamentais, a protección dos dereitos humanos e os dereitos sociais. A plena integración europea é un ambicioso paso de progreso cara un mundo pacífico y democrático. Agora ben, Europa é máis que a Unión Europea, polo que a ampliación do mapa comunitario a 27 países constitúe a primeira esixencia do propio proceso de construción europea. No entanto, dita ampliación fai máis perentoria a necesidade de impulsar definitivamente unha maior

dimensión política da Unión Europea se se quere dinamizar a dimensión social do Continente e ser unha referencia democrática no mundo.

A dimensión social é imprescindible na construción europea, xa que o modelo social de Europa é un soporte clave e un dos sinais de identidade do proxecto comunitario dende os eu nacemento. Un gran mercado e unha moeda forte, sen poder dar traballo a toda a cidadanía, non é só un fracaso social senón tamén político para a consolidación da Unión Europea.

A inserción do emprego, aínda que solemnizada nun novo Título no Tratado da Unión, aínda límitase a proclamar a responsabilidade dos Estados nesta materia e non se traduce nunha política común que condicione os obxectivos macroeconómicos.

De igual modo, mantense desprazada a política social ás accións que poidan desenvolver os Estados que, por outra parte, reduciron a súa marxe de manobra nos gastos sociais coas novas esixencias de equilibrio orzamentario.

O Protocolo Social, incorporado ao Tratado, tampouco establece un aceptable cadro de dereitos para perfilar unha futura cidadanía social.

Unha Europa de dúas velocidades, veloz no económico e retardada no social, a curto prazo resta entusiasmo para completar o proxecto político e a medio prazo dificultará a consolidación do propio mercado europeo, xa que para o seu funcionamento equilibrado necesítase a existencia do dobre espazo económico e social. O déficit democrático da construción europea aparece de maneira nítida no deseño do Banco Central Europeo, configurado como un organismo autónomo e independente, o que desarticula o marco democrático e limita o campo de decisión da política en aspectos claves da economía.

Tanto para garantir o éxito do proxecto europeo como para que a equidade aniñe no seu seo, é imprescindible un marco comunitario de dereitos sociais mínimos de carácter vinculante, constitucionalizado nos Tratados da Unión, cos instrumentos políticos, xurídicos e orzamentarios que o garantan, destacando no ámbito laboral:

- O dereito ao traballo nunha ocupación libremente elixida.
- O dereito ao recoñecemento europeo dunha cualificación acreditada por un Estado membro.
- A igualdade de oportunidades, sen discriminación algunha e non só ante o binomio home/muller senón por calquera outro motivo, sexa de orixe étnico, ideolóxico, relixioso ou de orientación sexual.
- Unha remuneración equitativa e condicións de traballo xustas, garantindo a dignidade persoal, a seguridade laboral e a saúde dos traballadores e traballadoras.
- Unha especial protección fronte aos embarazos, maternidade/paternidade, discapacidades, enfermidades crónicas ou dexenerativas, e calquera outra situación que comporte dificultades para o exercicio profesional.

- A negociación colectiva europea, a articulación de convenios e o dereito ás accións colectivas en caso de conflito.
- O dereito de información, consulta e participación na empresa en todos os seus ámbitos, coa extensión do modelo das sociedades europeas, a consolidación do papel do Comité de Empresa Europeo e o desenvolvemento de planos de codecisión.
- O pleno exercicio dos dereitos sindicais e a plena capacidade de actuación dos sindicatos.

Este cadro de dereitos ten que nacer dunha normativa comunitaria, sen prexuízo da exploración de materias efectuada no diálogo social co empresariado europeo. A posterior complementación no plano laboral debería afrontarse pola vía da negociación colectiva no ámbito da Unión. As estruturas sindicais europeas de ámbito confederal, sectorial e interrexional ofrecen unha potente interlocución para abordar a vertebración do proceso, así como a democratización da vida interna das empresas a través dos comités respectivos.

Noutras esferas do proxecto europeo, e sen perder de vista a plena consecución dos dereitos inherentes á cidadanía, a CES debe apostar entre outras políticas, pola cohesión económica e social, a elevación do orzamento comunitario, o establecemento dunha política fiscal baseada na equidade e o desenvolvemento de servizos públicos.

## **X. A ACCIÓN SINDICAL, COMPROMISO ÉTICO.**

O Programa Fundamental de UGT pretende enmarcar a nosa conduta ante os desafíos no mundo, na sociedade e no traballo, abrindo paso a unha acción sindical, eficaz e solidaria, desenvolta a todos os niveis. Pero o groso da nosa actividade e o comportamento que o sustenta, encontra o seu foco ordinario no pequeno, no cotián.

Os compromisos xerais cos grandes retos da humanidade en boa medida van a seguir sendo, ineludiblemente, pouco máis que declarativos. A proba de verdade estará sempre no máis específico que directamente atinja á conduta visible e cotiá, a través das accións puntuais comprometidas na resolución de problemas concretos, xa sexan individuais, dun centro de traballo ou dunha empresa.

O discurso sindical sería puro ruído se non se acompaña dunha acción consecuenta, unha ética do comportamento, iso si, asistida por un Programa que aporte consistencia aos nosos proxectos de progreso social. Precisamente o traballo sindical é un dos máis importantes instrumentos da sociedade para despregar ese esforzo de progreso e cohesión, obxectivos consubstanciais cos propósitos democráticos.

A acción sindical na empresa e noutros ámbitos socioeconómicos do noso entorno, desenvolva unha mobilización continua e silenciosa, para equilibrar o afán coincidente da eficacia económica coa necesaria garantía de eficacia social que o Sindicato defende en cada centro de traballo, en cada esfera da vida cotiá.

UGT ten que desenvolver unha acción sindical comprometida e intelixente, que permita defender sen risco algún a igualdade e ao mesmo tempo abra un espazo onde poder exercitar o dereito á diferenza en calquera das súas manifestacións, sempre enriquecedoras, xa sexan profesionais, culturais, relixiosas ou sexuais.

Por iso, o progreso social que deriva da acción sindical, ten rostro humano, non é un mero sumatorio cuantitativo de resultados económicos, senón atención cualitativa e personalizada para a mellora de condicións de vida e de traballo. Sen sindicatos, a brecha da marxinação estará servida, arruinando a equidade, facendo imposible a cohesión social.

Pero non só a acción sindical adquire sentido moral na proxección do Sindicato. A propia afiliación individual comporta, no nivel que libremente estableza cada uxetista, a participación nun compromiso ético co progreso solidario da nosa sociedade. Todos os plans de vida sindical deben estar atravesados por esta natureza do comportamento.

O sindicalismo implica un permanente compromiso ético que afecta tanto aos valores sociais que propugna como aos medios para conseguilo. Incluso os instrumentos clásicos na solución de conflitos, no que a súa expresión máxima é a folga, teñen que ser sempre democráticos e proporcionados.

En definitiva, cun Programa Fundamental baseado na cultura do traballo e dende a tradición ética do Sindicato, formulamos o noso compromiso cun mundo mellor. Na busca desa convivencia enriquecedora, cabe compartir unha reflexión que sinalaba "o amor o traballo e o coñecemento son as fontes da nosa vida, tamén deberían gobernala". Para elo, onte, hoxe e sempre, rememorando aos fundadores de UGT, apelamos á mobilización moral de mulleres e homes que desexamos libres, iguais, honrados e intelixentes.